MAGAZINE. O CARRABOUXO, O CÉLEBRE PERSONAXE DE XOSÉ LOIS FAI 25 ANOS.
ECONOMÍA . SINTEL, UNHA PROTESTA LABORAL AÍNDA VIVA.
AALDEAGLOBAL. OS REIS MAGOS NON VEÑEN EN ATOBÚS.

2 EUROS
28.DECEMBRO.07

Periódico semanal
Fundado en 1907
Nº1.291

anosaterra

Balance 2007

A SITUACIÓN POLÍTICA ESPAÑOLA

Demasiada crispación

José Luis R. Zapatero [arriba] **Emilio P. Touriño** [abaixo].

Mariano Raxoi [arriba] **Anxo Quintana** [abaixo].

O CAMBIO POLÍTICO EN GALIZA

Demasiado lento

Rosalía e a música

Grupos de música antiga, contemporánea, jazz e rock toman letras da poeta

>>Páxina 18-19

sumario

AALDEAGLOBAL.
¬REPORTAXE
Vivir nun centro de menores: Laura, 18 anos, comenta as dúbidas tras a súa saída **>4-5**

POLÍTICA.
¬BALANCE 2007

Emilio Pérez Touriño.

O bipartito esquece a herdanza de Fraga e xa é xulgado polos seus actos **>7-9**
¬ESPAÑA
Un ano de crise no Tribunal Constitucional **>11**
¬AMERICA DO SUR
Os EE UU perden forza pero conservan influencia **>12-13**

ECONOMÍA.
¬LABORAL

Traballadores de **Sintel.**

O xuíz sobresee os cargos contra os directivos de Sintel **>15**

CULTURA.
¬LIBROS
Entrevista con Carlos Penela, premio de Poesía Caixanova **>21**

A Nosa Terra, premio Galicia Comunicación 2007

Tamén foron galardoados o Carrabouxo, Torres Queiruga, *La Voz de Galicia*, Xoán Barro, "Alalá" e "La Estación Azul"

M. Obelleiro

A "Deusa da comunicación", obra do escultor Acisclo Manzano, materializa un novo premio que vén de recoñecer o labor do semanario *A Nosa Terra* no ano do seu centenario. O periódico foi galardoado co premio Galicia Comunicación, concedido pola Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta, á mellor iniciativa en medios informativos. O xurado valorou a ampliación, as novas actividades da empresa e os personaxes dos Bolechas, creados polo debuxante Pepe Carreiro. Os membros do tribunal salientaron a renovación do semanario e a posta en funcionamento do diario dixital, que consideran unha clara aposta pola información diaria en galego na internet.

O premio ao mellor labor de comunicación de xornalismo gráfico en medios impresos foille concedido a Xosé Lois González Vázquez, creador do Carrabouxo, que protagoniza as viñetas de *La Región* e *Atlántico Diario*. O recoñecemento coincide co vinte e cinco aniversario da aparición da primeira viñeta.

Andrés Torres Queiruga, presidente e un dos fundadores da revista *Encrucillada, Revista Galega de Pensamento Cristiá*, obtivo o galardón ao mellor labor de comunicación en medios impresos. A revista, que foi creada no 1977, reivindica o emprego do galego no eido da Igrexa.

O premio á mellor empresa ou institución que destacase por un singular esforzo no campo da comunicación recaeu en La Voz de Galicia, S. A. Os membros do xurado recoñeceron a preocupación e o esforzo da empresa na defensa de Galiza e o seu labor editorial pola publicación de obras emblemáticas.

PREMIOS NO EIDO AUDIOVISUAL. O galardón ao mellor labor de comunicación no campo da radio foille outorgado ao primeiro encontro de poesía galega emitido no espazo "La estación azul", de Radio 3, creado para que as voces dos poetas galegos tivesen eco en todo o Estado.

En canto ao eido da televisión, o premio foille concedido ao programa de música tradicional, "Alalá", emitido pola TVG. No campo televisivo, o tribunal quixo facer unha mención especial á traxectoria do xornalista da TVE, Xoán Barro. O xurado salientou a súa longa carreira profesional no xornalismo deportivo.

Un nutrido grupo de representantes do mundo da comunicación e da cultura galega, nomeados polo secretario xeral de Comunicación, Fernando Salgado, decidiu o nome dos distintos premios Galicia Comunicación 2007, que serán entregados no mes de xaneiro.●

Andrés Torres Queiruga visto por Calros Silvar.

O xurado valorou a ampliación, as novas actividades da empresa e os personaxes dos Bolechas

POLAS SÚAS IMAXES AS COÑECEREDES

María Reimóndez

O teatro está preparado: nas rúas as luces, nas tendas os agasallos, nas mesas os excesos, nos centros comerciais as músicas, nas casas as árbores e na tele os recorrentes anuncios "humanitarios" que nos recordan unha vez ao ano que hai que contribuír ao benestar do próximo, que total entre tanto desbalde malo será que non haxa algún euro sobrante que arrapañar. Nestes días contemplo con estupefacción o que palpo cada día o resto do ano no traballo en Implicadas/os no Desenvolvemento: que a nosa sociedade non quere reflexionar, non quere entender (porque é máis cómodo o contrario) que para cambiar a pobreza as esmolas non son procedentes, que cómpre cambiar primeiro quen somos e como vivimos. As conclusións que se desprenden de todos eses anuncios de nenas con mocos e imaxes denigrantes son claras. A primeira é que calquera organización que utilice tales imaxes para buscar fondos está incumprindo o Código de Imaxes e Mensaxes das ONGDs e que polo tanto non pode formar parte de ningunha Coordinadora de ONGDs, nin estatal nin autonómica. A segunda, que ningunha desas organizacións actúa cun mínimo de responsabilidade e respecto cara ás persoas dos países en vías desenvolvemento. Ou acaso non temos nós unha lexislación estrita contra o uso de imaxes da infancia (da nosa)? Ou acaso nos gustaría que nos sacasen por todas as teles do mundo para recadar cartos cando estamos sufrindo dalgunha enfermidade nun hospital? Non falta aquí algún propósito cara ao aninovo? Outro día falamos dos telemaratóns... e por suposto de maneiras diferentes de facer as cousas.●

Manuel Morán Premio da Xunta ao *software* libre. A Xunta vén de concederlle a Manuel Morán o primeiro premio ao mellor recurso educativo para a Sociedade da Información na modalidade de aplicacións de software libre polo seu tradutor en liña *Traducíndote*. Morán, que é profesor no Instituto *Chan do Monte* de Marín, converteu o centro de ensino en referencia do *software* libre no país ao darlle un pulo á migración dos programas informáticos a código aberto.●

Os Reis Magos non veñen en autobús

Ir ao traballo, ao médico ou ao instituto pode converterse nunha odisea nun bo número de vilas debido á escaseza de trasporte público pola estrada

O escaso ou nulo servizo de autobuses obriga aos pacientes a ir no coche, en taxi ou desprazarse a outro municipio con mellores conexións. MIGUEL NÚÑEZ

M. Obelleiro

A situación do autobús como medio de transporte público en Galiza difire segundo a zona. A densidade poboacional de Galiza dificulta un servizo que prexudica, sobre todo, o rural. Mentres que algunhas vilas están conectadas cada trinta minutos coas cidades, hai localidades con frecuencias de paso cada cinco horas. As empresas xustifican o escaso servizo que prestan nas pequenas poboacións alegando que é inviábel economicamente.

Tamén as vilas de máis de dez mil habitantes sofren a mala comunicación coas grandes urbes. O caso de Betanzos, que alberga uns trece mil habitantes e se atopa a uns setenta quilómetros de Santiago. O concello coruñés está conectado con Santiago por autobús só dúas veces ao día pola mañá coa empresa Monbús. Con ALSA, os betanceiros teñen a posibilidade de viaxar cinco veces ao día, coa condición de comprar o billete con dúas horas de antelación. Pola contra, o Concello da Guarda, que acolle uns dez mil veciños, está conectado con Vigo cada media hora. Un total de vinte e un buses unen os sesenta quilómetros de distancia os días laborábeis.

Abandono no rural

Os usuarios do transporte público pola estrada denuncian a falta de información nas marquesiñas que os acubillan mentres agardan polos autobuses. Franqueados pola publicidade, chegan a esperar horas sen saber cando pasará o próximo autobús. Nas paradas que non están afastadas dos núcleos poboacionais, os bares son os que desenvolven a función informativa das estacións.●

PAGAR UN TAXI PARA IR AO MÉDICO. Cada día son centos as persoas das áreas municipais de Mondariz, Covelo e Crecente que se desprazan aos hospitais, pero por mor do escaso ou nulo servizo que prestan as compañías de autobuses, os pacientes vense na obriga de ir no coche, en taxi ou desprazarse a outro municipio con mellores conexións. Entre Mondariz e Vigo hai cinco autobuses até as 17.30, de Crecente a Vigo hai dous autobuses ao día os luns, mércores e venres, mentres que o resto das xornadas só hai un autocar, e de Covelo a Vigo hai dous ao día. Visitar un hospital do Sergas en Vigo pode custarlle aos habitantes de Crecente máis de sesenta euros se viaxan en taxi. Os usuarios de Covelo quéixanse porque hai un maior número de frecuencias con Porto e con Madrid, cinco e seis autobuses ao día respectivamente, que con moitas cidades galegas.●

> **Visitar un hospital do Sergas** en Vigo pode custarlle aos habitantes de Crecente máis de sesenta euros, de facer a viaxe en taxi"

Menos peso que o tren e o barco

A escaseza de liñas, o custo dos billetes e a comodidade fan que moitos cidadáns decidan empregar outro medio de transporte público nos seus desprazamentos. De Vigo a Vilagarcía só existe un autobús directo ao día e ningún servizo na liña contraria, mentres que por vía férrea ambas cidades están unidas dezasete veces ao día. A diferenza tamén se observa no prezo dos billetes, xa que os usuarios do tren pagan 3,75 euros nos rexionais e 5,05 nos R-598, con posibilidade de descontos en ambos casos, e os do autobús pagan 4,75 euros pola estrada nacional. Os usuarios adoitan preferir viaxar en tren que no autobús. "Ademais de ser bastante máis barato, o tren é máis cómodo e chega antes", sinala Celia, que colle o tren todos os días para ir traballar a Vigo. Celia apunta que a pasada semana viuse na obriga de desprazarse en autobús, "quedei abraiada co recorte de frecuencias, tiveron que vir buscarme a estación porque non saía o autobús até dentro de tres horas". O transporte por barco é outra das alternativas que posúen os habitantes do Morrazo para desprazarse a Vigo logo de que Monbús recortase de sete a dous o número de autobuses que cobren a liña pola vía rápida. Dende Cangas, o billete do barco custa 1,95 e reduce o tempo da viaxe até os vinte minutos, mentres que o billete de autobús custa 2,30 euros.●

> **O billete do barco de Cangas** a Vigo custa 1,95 euros mentres que o de autobús custa 2,30"

De fronte a educadora, Ana Curra conversa con Laura –nome ficiticio– residente nun centro de menores. XAIME GONZÁLEZ

‘Agora son libre, pero síntome estraña’

Laura vén de facer 18 anos, até agora viviu nun centro de menores

María Obelleiro

A vida fíxoos madurar porque en moitos casos viviron situacións de desamparo, ao carón da droga, sufrindo na súa pel o maltrato. Laura, nome ficticio, vén de cumprir os dezaoito anos nun dos cerca de cen centros de menores que hai en Galiza. Coa maioría de idade, sente a liberdade na súa face máis cruenta, “síntome estraña logo de pasar máis de oito anos seguindo as ordes estritas dos centros nos que vivín”. Cada día é igual que o anterior e que o seguinte. Levántanse ao redor das sete da mañá, dúchanse, almorzan e desenvolven cadansúa tarefa doméstica para logo asistir ás clases ou ao traballo. Os que teñen a sorte de contar coa familia, poden saír as fins de semana a visitar os seus. Outros vense na obriga de pasar as fins de semana nos centros. Esta é a vida de rapaces como Laura, nome ficticio dunha moza que viviu dende os dez anos en dous centros en Ourense e en Vigo xestionado por monxas. Ao non ter ningunha relación coa familia, Laura só saía dos centros durante as vacacións de Nadal. “As fins de semana tiñamos actividades pedagóxicas, viña unha asistenta a ler noticias dos xornais e a axudarnos a interpretalas, tamén nos daban charlas sobre a droga e a familia e os domingos e festivos obrigábannos a ir á misa”, explica Laura.

> **En principio considérante** a súa inimiga porque pensan que os vas abandonar”
>
> **[Ana Curra]**
> Educadora.

A meirande parte dos menores opta por traballar unha vez cumpridos os dezaseis para dispoñer dos cartos o día da súa maioría de idade. Os educadores tentan que os rapaces estuden e que estean matriculados en centros diferentes para que non formen guetos, “pero aínda así acaban movéndose xuntos”, sinala Ana Curra, educadora social e psicopeda-

goga. Até que cumpriu os dezaseis, Laura estudou nun instituto. Malia que evitaba que os compañeiros soubesen que vivía nun centro, sempre acababan por darse de conta, "e xa quedabas marcada".

"A vida diaria nos centros é dura", di. As valerianas e as tilas non son suficientes para calmar unha ansiedade que nos pisos chega a magnificarse. Laura nota que segue tan alterada como cando se atopaba no piso de familia. Un pito tras outro e unhas mans que non deixan de moverse descobren o seu nerviosismo. Ana Curra e Laura, á que coidou nun dos centros, non deixan de lembrar conflitos. Tiróns de pelo, insultos, roubos de roupa, ferros de pasar voando e ameazas con coitelas eran, segundo elas, do máis cotián. Malia estas complicacións, Curra, a coidadora, admite que o máis difícil foi gañar a confianza dos menores, "en principio considérante a súa inimiga, porque pensan que os vas abandonar". Cando aínda non remata a frase, Laura interrompe a súa ex educadora para advertir que se sentiu desamparada cando Curra deixou o centro.

QUE FACER LOGO DOS DEZAOITO? Son sete os días que pasaron dende que Laura abandonou o centro e séntese "perdida e estraña, cando camiño pola cidade penso que toda a xente mira para min". Laura sabe que comezar de cero aos dezaoito anos e sen familia á que acudir é complicado. A reacción dos mozos ao abandonar o centro tradúcese no medo, medo a saber que lles agarda. Curra comenta que hai casos nos que os nenos entran e saen do centro derrotados, "hai quen me chegou a dicir que desexaba que un coche o levase por diante". Agora Laura tenta buscar un traballo que lle asegure un

'Se tes medo non podes traballar nisto'

Ao igual que lle aconteceu a Ana Curra, moitos pedagogos teñen dificultades para separar a vida propia do traballo, "aínda que cos anos aprendes a non implicarte tanto". Hai educadores que acaban perdendo a fe, ao contrario que Curra, "vou facer todo o posíbel por axudar os nenos que o necesitan". Con Laura, ao igual que con outros rapaces, segue a manter unha relación moi estreita, "polo menos así teñen un referente no mundo, alguén que os escoite", di Curra. Malia os incidentes que viviu nos centros, Curra conta que o labor dos educadores sociais paga a pena, "non teño medo, se tes medo non podes traballar nisto". Non obstante, coida que chegado un momento os educadores necesitan axuda psicolóxica, "porque acabas interiorizando os problemas de todos".●

> **Con Laura, ao igual que con** outros rapaces, segue a manter unha relación moi estreita. "Polo menos así teñen un referente no mundo, alguén que os escoite"
>
> **[Ana Curra]**
> Educadora.

A Xunta opta por reducir o internamento dos menores

Favorecer o acollemento familiar dos nenos e reducir o seu internamento nos centros son os obxectivos principais do Plano Estratéxico Galego da Infancia e da Adolescencia, dirixido a 420.323 galegos de entre 0 a 18 anos. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pretende reducir até un 30 por cento o número de menores internados en institucións de aquí a tres anos. Dos case cen centros de menores que hai en Galiza, só 11 son de titularidade pública e, destes, só seis son xestionados directamente pola Administración. A día de hoxe a Xunta posúe a tutela de 1.600 menores, 197 en réxime de garda e 1.049 nunha familia acolledora. A cifra de menores que conviven con familias incrementarase nun 35 por cento até chegar aos 1.415, ao tempo que se reducirá dos 876 actuais a 596 menores nos centros de internamento.●

> **Dos case cen centros** de menores que hai en Galiza, só 11 son de titularidade pública.

AUSTERIDADE

Xavier López Rodríguez

Será pola miña tendencia a levar a contra ou por algunha eiva do meu carácter. O certo é que, en chegando Nadal, ardo en desexos de predicar contra o exceso de lámpadas nas rúas, contra o que nos leva de tenda en tenda para encher a mesa, o bandullo, os armarios ou as mans dos nenos de produtos innecesarios. Facemos achegas a ONGs e participamos en operacións Quilo ou Xoguete. Sabemos excomungar o sentimento de culpa? Eu, non. Non podo deixar de pensar nos que teñen pouco ou nada mentres outros, tamén eu, consumimos máis do que precisamos.

Este ano, a sensación vénme agravada pola lectura de *A estrada,* de Cormac McCarthy, que nos pon coiro de pita cunha grande austeridade de recursos. Non precisa moitos personaxes, nin estruturas argumentais labirínticas, nin luxosos escenarios. Un home, un rapaz e unha paisaxe desoladora logo dun holocausto que non require explicación para ser crible. Que pouco precisan para sobrevivir, para seren, por momentos, felices! Todos tivemos que amañarnos con menos e vimos que era posible. Pero se non é necesario apertar o cinto... Estamos no círculo vicioso e xa non sabemos se hai que producir máis para atender as demandas dos consumidores ou se nos piden consumir máis para que as fábricas non paren. Se consumimos menos, somos traidores ao sistema? Alguén quedará sen traballo? Nós mesmos? Menos traballo, menos soldo, menos consumo innecesario. Se cadra, o meu é enfermidade. Exceso de empatía. Irei ao médico? Mellor despois das festas, non vaia pórme a dieta.

Austeridade, agarda.●

ANOSATERRA
1.291

PROMOCIÓNS CULTURAIS GALEGAS S.A. **Presidente:** Miguel Barros Puente. **Vicepresidente e conselleiro delegado:** Afonso Eiré. **Vicepresidente económico:** Ramón Barral. **Vogais:** Xosé Fernández Puga, Xosé María Fonseca Moretón, Xavier Rei, Ana Miranda, Ceferino Díaz, Fernando Filgueira, Victorino Núñez e Bieito Alonso. **Secretario:** Xan Piñeiro. ● **Director:** Manuel Veiga Taboada. **Subdirector:** Xan Carballa. **Redactor Xefe Diario Dixital:** Xurxo Salgado. **Redactores:** Horácio Vixande, César Lorenzo Gil, Mar Barros, Manuel Xestoso, Perfecto Conde , Manuel Vilas, María Obelleiro, Lara Rozados, Rodri Suárez, Eva Estévez, Raquel López, Xurxo González, Esther Rodríguez, Ana Camiño, Paco Vila Barros (fotografía), Xosé Bocixa (tv). **Maquetación e preimpresión:** Xoselo Taboada. **Fotografía:** Axencia Galega de Noticias, Reuters. **Xefe de publicidade:** Carlos Martínez (publicidade@anosaterra.com) ● **Redacción:** Rúa do Príncipe 24, 1º - 36202 Vigo. Teléfono 222 405. Fax 986 223 101. Correo electrónico: info@anosaterra.com. **Administración:** Rúa do Príncipe 22, baixo - 36202 Vigo. Teléfono 986 433 830. **Subscricións:** subscripcions@anosaterra.com **Imprime:** Norprint. **Depósito Legal:** C-963-1977. **ISSN:** 0213-3105.

Traballadores sen contrato no conservatorio de Foz

O alcalde xa anunciou unha fórmula para corrixir a situación

H.V.

A intervención municipal díxolle ao alcalde de Foz, Xosé María García Rivera (PSOE), que os seis profesores de música do conservatorio non poden continuar na súa situación actual sen contrato de traballo. No mesmo sentido pronunciouse o BNG, que reclamou a creación de prazas municipais para este colectivo.

García Rivera admitiu que os profesores superaron o límite máximo para traballar sen contrato mediante a emisión de facturas, mais indicou que se trata de autónomos que pagan a súa Seguridade Social. "É un problema complexo –asegurou o alcalde–, non podemos quedar sen a escola de música e se os contratamos teremos que cobrarlles aos pais a taxa real do servizo, entón pasarían de pagar 50 euros a desembolsar 300; ademais, non sabemos se o ano que vén teremos necesidade de músicos dunha especialidade ou outra, o concello non pode cargarse de tanto persoal".

A solución está en estudo. "Terán que constituírse nunha empresa e cobrarnos polo seu traballo, ou terán que facelo a través da banda municipal", asegurou o alcalde, que tamén indicou que prefire esta última posibilidade.

A situación deste colectivo motivou unha controversia entre o BNG e o PSOE, que goberna en minoría. "Precarización, traballadores sen papeis e ilegais son a marca dun goberno que se di de esquerdas", sinalaron os nacionalistas, mentres o alcalde lembraba que o BNG cogobernou con eles "no 95 e 96, cando as cousas se facían igual, só que daquelas non lles parecía mal".●

Rectificación sobre a cuota láctea

Este periódico publicou na súa portada do número anterior un titular de elaboración propia, que rezaba así: "O sindicato [en referencia ao SLG] acepta a cuota láctea despois de dezanove anos de combatela". O Sindicato Labrego fíxonos saber a súa discrepancia con tal apreciación, baseada nos seguintes argumentos: O SLG sempre estivo a favor do control da produción de leite na UE. Nunca defendeu as cuotas do leite nin as defende na actualidade. A diferenza entre ambos os termos é que "as cuotas son un dos posíbeis sistemas de xestionar o control da produción, non o único." O SLG defendeu no pasado e defende na actualidade o seguinte: 1º.- A actual cuota global europea debe ser redistribuída nas explotacións de Europa con criterios sociais. 2º.- Os criterios sociais deben ter en conta unha cantidade mínima e unha máxima de produción por explotación, en función do número de activos agrarios da mesma. 3º.- Outro tipo de criterios para dita redistribución, por exemplo de tipo ambiental. Por tanto, os sistema de cuotas que foi aplicado nunca tivo en conta estes criterios sociais e, además, supuxo e supoñerá, se se aplica a nova reforma da OCM do leite, o peche de moitas explotacións familiares e a concentración cada vez maior da produción de leite nunhas cantas empresas.●

CARTAS

O PLAN DE ATENCIÓN Á MULLER

Despois de ler este Plan da Xunta e dentro do apartado" Mellora da atención ao parto", tópome con varias afirmacións e ideas dignas de reflexión:

En primeiro lugar, a xeneralización de que o parto "se trata dun momento clave na vida de todas as mulleres", desafortunadamente para unhas supón moito máis tempo ca un momento, para outras pode que sexa un momento máis "cravo" que clave nas súas vidas e para algunhas non existe tal momento porque así o decidiron.

En segundo lugar, propón promover o parto natural, ou sexa, confiar nos recursos da natureza da muller para parir. É curioso que só no que respecta á capacidade reprodutiva da muller se confíe nos recursos naturais e non cando, por exemplo, aparece unha hemorraxia, que inmediatamente se trata sen esperar a que os mecanismos naturais implicados no proceso da coagulación actúen, así como tampouco esperamos a que o sistema inmunolóxico resolva por si só calquera proceso infeccioso. Por non deixar non se deixa, nin sequera, que un simple catarro se resolva de xeito natural en sete días, senón que se medica para mitigar os síntomas, e cando se trata de parir resulta que este plan recomenda evitar a analxesia. Con que criterios? Está demostrado que a dor é subxectiva, cada persoa sente máis ou menos dor ante o mesmo estímulo, entón trátase de parir con dor "naturalmente", como se a dor enriquecese ese mecanismo que como eles ben din é un mecanismo fisiolóxico. ¿Por que se lexitima a dor cando de parir se trata e pola contra se rexeita en calquera outro ámbito da vida? Será que ás mulleres se nos esixe a capacidade de soportalo.

Finalmente, propón como misión humanizar o parto, resulta paradóxico que a forma de humanizar o parto sexa achegándose ao feito de que somos mamíferas e polo tanto, esquécense dos mecanismos evolutivos e adaptativos que fomos sufrindo a causa da bipedestación e do desenvolvemento do cerebro, o que nos afasta das vantaxes doutros mamíferos á hora de parir.

Renderse á natureza non supón incrementar as sensacións de benestar. Un parto sen dor non desvirtúa a experiencia do nacemento nin un con sufrimento a enriquece. Sen dubida, son outras cousas.●

Victoria Lojo
FIGA

XOSÉ LOIS



UN LIBRO SEN PREMIO

Damián Villalaín

Descoñezo os criterios polos cales o xurado da Asociación Galega de Editores non tivo a ben outorgarlle o premio ao mellor libro galego do ano 2007 a *De provincia a nación, a historia do galeguismo político* escrita por Xusto G. Beramendi e publicada por Edicións Xerais de Galicia, que figuraba entre os títulos finalistas. A miña ignorancia sobre as motivacións do xurado impídeme criticar a súa decisión, pero non manifestar a miña sorpresa.

O de Beramendi é, con seguridade, un dos poucos libros publicados en galego durante os últimos 20 anos que seguirá a ser lido, consultado, valorado e interpelado durante os 20 que veñen. É unha magnífica disección da historia ideolóxica, organizativa e política do galeguismo e un traballo sen apenas parangón, pola súa calidade profesional e expositiva, no mundo relativamente pobre, algo atristurado e provincial, da historiografía galega.

Nin tiven no pasado nin teño no presente apenas trato co seu autor, e ademais discrepo dalgúns dos seus presupostos teórico-políticos sobre o galeguismo e sobre o problema nacional en España. Iso fornéceme talvez dalgunha lexitimidade suplementaria para dicir con toda contundencia que o libro de Beramendi é un monumento, un deses poucos logros dos que podemos fachendear os galegos con algunha afección polos libros de historia e polos bos libros en xeral.

Así que, malia non poder entregarlle a correspondente estatuíña conmemorativa, eu proclamo dende as alturas siderais desta columna que De provincia a nación, de Xusto G. Beramendi, é o mellor e máis importante libro galego do ano 2007. Con premios ou sen eles. ●



PEPE CARREIRO

BALANCE 2007

Touriño, Quintana e Feixóo reunidos para intentar salvar o Estatuto en xaneiro de 2007. AGN

Cambio lento, eleccións contínuas

Xan Carballa

A metade da lexislatura presidida por Emilio Pérez Touriño veu marcada pola posibilidade de reformar o Estatuto de Autonomía. Encarreirado por outras iniciativas semellantes, nomeadamente a de Cataluña, o bipartito galego non quixo quedar atrás e mesmo estableceu un modelo polo que só cun consenso común entre as tres forzas representativas o Estatuto sairía adiante. Pero comezou o 2007 e a esperanza truncouse, non tanto polas diferenzas entre os aliados na Xunta, como pola imposición da rúa Génova que non quería asumir pola vía dos feitos que o novo estatuto político de Galiza ascendese un chanzo de poder real. O propio presidente dos populares galegos, Núñez Feixóo, veuse en dificultades para non quedar como o verdadeiro obstáculo da reforma aínda que nin BNG nin PSdeG-PSOE tentasen facer sangue cunha reforma que, antes ou despois, terá que ser retomada.

No fondo do asunto está a maneira de facer política sen ataduras. En todos estes anos de autonomía os principais momentos de crise política producíronse cando se quixeron romper disciplinas das forzas políticas estatais coa matriz madrileña, un suceso que afectou a PP e a PSOE de diferente maneira. A hexemonía política da dereita só se veu en cuestión cando quebrou a unidade e apareceu unha nova peza no mapa –tempos de Coalición Galega– e só se puido restañar temporalmente coa irrupción de Fraga á fronte do PP. O ex presidente galego precisou durante un tempo amosar capacidade de liderazgo con iniciativas de grande relumbrón e aparencia política, que estimadas quince anos despois, ficaron en pirotecnia e *marketing*. Ulo a reforma do Senado ou a proposta da Administración ?nica? A chegada de Aznar e o trunfo das teses recentralizadoras, foron asumidas con naturalidade por un Fraga que desta maneira se vía máis cómodo coa súa biografía política. Pero aquelas propostas, ou o fulgurante paso do cometa Coalición Galega, amosou un movemento de fondo de conciencia galeguista, que unha parte do PP, contradicións aparte, tenta explotar e evitar que nutra ao BNG, que nalgúns inquéritos aparece como segunda opción dalgúns votantes populares. Só así se entende que un Feixóo fiel a Madrid e a Raxoi, manteña as teses oficiais de feroz españolidade e ao tempo conforme a outra parte da súa parroquia con discursos como o recentemente proferido en Ourense con motivo do centenario do Himno Galego. Daquela novo Estatuto Galego só para despois de 2009, cando as augas sexan menos turbias.

> **A poboación exixente** reclama un cambio máis rápido do que se está a producir.”

En todo caso o 2007 que finaliza é un ano marcado constantemente pola desputa electoral. Primeiro polas municipais e despois por unhas xerais a celebrar o 9 de marzo, que representarán o ser ou non ser para as tres forzas políticas e decisivas para o definitivo choque de 2009. Para o PSdeG-PSOE é a posibilidade de poñerse á fronte da clasificación ben sexa en votos ou en escanos, aínda que o trunfo pode ser pírrico se o sumatorio estatal non dá para que recunque Zapatero. O BNG, aínda que en inferioridade nos procesos a Cortes, xógase a posibilidade de manter as espadas en alto logo de reter nas últimas municipais un poder político relativo, e conseguir sacarlle rédito electoral ao derradeiro mes do ano no que despois de moito tempo conseguiu facer visíbel socialmente a súa utilidade en Madrid. Finalmente o PP, logo do fracaso real de maio pasado, cando quedou fóra do poder en todas as cidades e vilas medias, necesita como a auga manterse á cabeza para non afrontar cuase derrotado a revancha das autonómicas.

Todo isto produciuse no mesmo ano no que a percepción social xa xulga o goberno autonómico de socialistas e nacionalistas máis polos resultados que ofreza que pola xestión do herdo de dezaseis anos de gobernos do PP. Se Aznar conseguiu zafarse das críticas entre 1996 e 2000 botándolle a culpa a outros, o goberno do tándem Touriño-Quintana non conta xa con prórrogas dunha cidadanía acostumada a esixir. De feito foi montados na onda dunha grande mobilización cidadá que ambos conseguiron chegar ao poder. Daquela esa poboación esixente reclama un cambio máis rápido do que se está a producir ou, cando menos, do que semella que se produce. É o que ten acostumar os cidadáns a esixirlle aos seus gobernantes. En todo caso trátase dunha virtude democrática que só ten como termómetro claro as periódicas visitas ás urnas.zación administrativa lenta.●

Falece o político Luís Cordeiro

Na mañá do día de noiteboa faleceu o ex alcalde de Foz e deputado centrista Luís Cordeiro. O político lucense, de 73 anos de idade, tras a desaparición da Unión de Centro Democrático ingresou en Coalición Galega e participou na crise que deu lugar ao Partido Nacionalista Galego, aínda que finalmente ingresou no grupo misto. Ademais, foi concelleiro en Foz e vicepresidente da Deputación de Lugo.●

BALANCE 2007

Reunión da Comisión de Investigación da Cidade da Cultura. AGN

Parlamento investigador

Cidade da Cultura e Vía do Salnés escrutadas polos deputados

x.c.

O ano parlamentario foi singularmente marcado polo proceso de investigación de dúas actuacións dos gobernos de Manuel Fraga. O asunto debería servir para poñer punto final ás referencias ao goberno anterior como condicionantes das actuais políticas do goberno da Xunta. En particular o asunto da Cidade da Cultura, envelenado por unha desmedida atención mediática que non concitara cando as obras foron iniciadas.

As conclusións de ambas e dúas comisións coñeceranse decontado e amosarán a imposibilidade de acadar un pronunciamento común das tres forzas parlamentarias. Respecto ao complexo de Monte Gaiás a razón é obvia porque se trata da obra emblemática coa que o anterior presidente quixo poñer o ramo á súa tarea presidencial. Desprazado do poder, tivo que aprobar gran parte do orzamento das obras durante o período provisorio de goberno, algo ao que agora se quere poñer coto por lei, de maneira que máis alá dos asuntos cotiáns, non se podan afrontar grandes investimentos durante ese periodo de transición entre gobernos. Daquela a Consellería de Cultura atopouse enriba da mesa coa imposibilidade de propoñer unha política propia enmarañada na necesidade de darlle saída a un asunto que condicionou orzamentaria e politicamente os proxectos propios. Se Ánxela Bugallo compareceu no parlamento hai agora un ano para propoñer un proxecto para Gaiás, o 2007 acabou concitando tamén para a Cidade da Cultura a atención política porque descubriu en que condicións se xestou a obra, involucrando politicamente non só ao ex-presidente e o seu conselleiro de cultura, Xesús Pérez Varela, tamén a familiares cercanos a Mariano Raxoi. Foi precisamente este rozar da comisión ao presidenciábel do PP o principio do fin da comisión, pois semellou un asunto no que a prensa de Madrid, ávida sempre de asuntos escandalosos para a súa propia guerra de trincheiras, entendeu que era mellor non insistir, a pesar de tratarse dun cuñado de Raxoi cobrando cantidades millonarias por mover papeis dun caixón para outro. Ao final o PP só pagará a moeda dun Pérez Varela que defendeu todas as decisións tomadas e mesmo o feito de constituír unha empresa en canto deixou o poder para xestionar proxectos culturais, un asunto que podería rematar no xulgado ou facelo saltar, por incompatibilidade, do retiro dourado do consello de administración da TVG.

A outra comisión de investigación de 2007 foi a que pescudou sobre o afundimento de tramos da vía do Salnés –outrora Vía Rápida. Desta volta era Xosé Cuiña, a eterna promesa como sucesor de Fraga, o que estivo no punto de mira. Todo parece indicar que a presa por inaugurar unha estrada antes das eleccións de 1995 foi a que estivo no transfondo de substituír os sumidoiros de formigón por outros metálicos, pezas que o clima galego se encargou en moi poucos anos de deixar fóra de servizo. Dilucidar se esta foi unha decisión política ou técnica era a clave de bóveda da comisión que, como outras veces, parece que vai ficar en recomendacións para o futuro, sen estenderse en responsabilidades políticas que o tempo transcurrido parecen ter amortizado. En todo caso o Partido Popular conseguiu, con bastante éxito, misturar este asunto coa proposta frustrada dunha nova comisión sobre a concesión das obras da Vía do Barbanza, para evitar o dano político de ter en cuestión dunha banda a Cuíña e doutra a Núñez Feixóo, substituto daquel na Consellería de Ordenación do Terrritorio.●

GONZALO

Bigoberno e contraprogramación

A oposición do PP ben batendo, con bastante éxito, na idea de que o acordo de coalición entre PSOE e BNG é unha entente movida polo interés máis que pola capacidade de actuar en común. A profesora da Universidade de Santiago, Alba Nogueira, abondou nesta cuestión nun recente artigo en A Nosa Terra Diario. E fíxoo sinalando a aparente contraprogramación que se produce entre as diferentes consellerías cada vez que toman a dianteira política, "o anuncio da Consellaría de Política Territorial de triplicar o solo adicado a plataformas loxísticas potenciando cinco grandes áreas en Galiza (Coruña-Ferrol, Santiago, Vigo-Pontevedra, Ourense, Lugo) supón un intento máis de contraprogramación ao que nos está empezando a ter afeitos unha das metades do goberno galego. As importantes medidas adoptadas para aumentar o solo industrial por parte da Consellaría de Vivenda dentro das súas competencias, precedidas de estudos rigorosos sobre as necesidades existentes que superaran as eivas do modelo clientelar de ubicación do PP, parecen ter espertado a cobiza e impulsado un anuncio propagandístico co ano 2015 como horizonte". A autora completa máis exemplos deste intento de embazar os logros do outro, nomeadamente pola parte maioritaria do executivo, para concluír, "A inútil carreira pola foto afasta os seus protagonistas de afrontar algúns dos problemas que ten a nosa cidadanía e que mellorarían de xeito certo a súa vida: redución das listas de agarda sanitarias; deseño de trens de cercanías; mellora do transporte urbano; oferta con xestión pública de tódolos servizos complementarios da rede educativa; aprobación das Directrices de Ordenación do Territorio; medidas de modernización e uso dos medios electrónicos da Administración… Pero se de verdade temos ganas de traballar… somos quen de duplicar a Cidade da Cultura?".●

BALANCE 2007

O Rubicón municipal

Ricardo Varela (PSOE) e Francisco Jorquera (BNG) encabezaron as delegacións que negociaron o pacto municipal. AGN

X.C.

As eleccións municipais de maio ratificaron o mapa político das autonómicas, aínda que só unha presada de votos decidiu que o PP quedase fóra de goberno en cidades e grandes vilas. O dano á dereita galega foi profundo a pesar de que mantén maioría de votos en moitos dos lugares nos que non acadou o goberno. O resultado púxolle de relevo aos populares que ou fai pequenas mudanzas da súa estratexia política ou vai ter difícil a curto prazo recuperar posicións de poder. O resultado maquillouse, e de maneira moi relevante, coa retención das deputacións de Pontevedra e Ourense, pese ao simbolismo da marcha en Lugo de Cacharro Pardo. Daquela o PP iniciou timidamente unha renovación que depende dos resultados do 9 de marzo para aprofundar ou manterse en lindeiros tolerábeis. Obrigada polas circunstancias a posibilidade renovadora está pexada pola dialéctica de tensión de Madrid. Se mantén o tipo en marzo poderá disputar as autonómicas en mellores condicións. O recente acordo orzamentario en Lugo, onde PSOE e BNG non acordaron gobernar xuntos, semella un tímido intento de rachar un corsé autoimposto polas circunstancias dunha política extremada. Pola súa banda a resolución do pacto municipal acadado a nivel nacional foi deixando feridas tanto en BNG como en PSOE. Nas cidades os resultados danaron especialmente ao BNG en Ferrol onde nin tan sequera optou a entrar no goberno; pero foi en Lugo onde se albisca unha situación máis difícil entre os dous partidos. A experiencia dos pactos de 1999 e 2003 aínda proe nos nacionalistas que buscan salvagardar politicamente a presenza pública das súas políticas e evitar que sexan absorbidas electoralmente polo protagonismo dos alcaldes que, agás no caso de Pontevedra, son do PSOE. Velaí o protagonismo político das tenencias de alcaldía.

Finalmente os socialistas foron os máis beneficiados polo apoio cidadán en maio pasado. O resultado permítelles chegar á cita de marzo de 2008 con posibilidades de superar en votos ao PP, aínda que o pasado teña demostrado repetidas veces que non hai peor política que extrapolar os resultados dunhas convocatorias a outras. ●

É o momento de ordenar o crecemento das vilas
e cidades para garantir a nosa calidade de vida.

Hoxe e mañá.

Onde vivimos, importa

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLITICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

ENPOLEIROALLEO

CAMBIO E GUERRA CLIMÁTICA

Página 12
(mércores 19 de decembro)
O Premio Príncipe de Asturias deste ano, o xornalista arxentino residente en México, Juan Gelman, escribe un artigo no diario arxentino Página 12 o dezanove de decembro sobre o cambio e a guerra climática. Na cerimonia de entrega do Premio Nobel ao ex vicepresidente dos EE UU, Al Gore, non houbo "unha mención ao desenvolvemento de armas climáticas no que están empeñados os EE UU desde hai máis de medio século", asegura. Gelman sinala que en Alasca "o Pentágono instalou 180 antenas

Inundacións en Indonesia. REUTERS

que funcionan como unha soa e son quen de emitir até un billón de ondas de radio de alta frecuencia que introducen unha masa inxente de enerxía na ionosfera, ou capa superior da atmosfera, que reenvía cara ela radiacións que aumentan a súa temperatura. Pódese así inducir un cambio na ionosfera que permite alterar o clima dunha zona". "Será un arma de guerra xeofísica?", pregúntase Gelman, que responde que o sitio oficial americano do proxecto sobre o clima admite que a investigación é "tanto con propósitos civís como con finalidades de defensa".

NOITEBOA E IDENTIDADE NACIONAL

La Voz de Galicia
(mércores 26 de decembro)
O politólogo e columnista Roberto Blanco Valdés é autor dun artigo en La Voz de Galicia o mércores 26 de decembro no que nega que o consumo do "ollomol, o bacallau, o marisco ou o capón" no Nadal sexan "expresión identitaria" de cada territorio do Estado. Pola contra, afirma que "por enriba de diferenzas de clase, xeográficas ou ideolóxicas, a inmensa maioría dos españois actuamos a noite do 24 de decembro con esa homoxeneidade que adoitamos perder de vista cando ouvimos falar aos que veñen sementar a nosa discordia máis cantada: a que, supostamente, divide os españois polo seu lugar de nacemento". "A fin de conto, somos cuspidiños", indica Blanco Valdés, que lembra que fronte a este colectivo ao mesmo tempo, "os criminais que tratan desde hai case medio século de amargarnos a existencia preparan esa bomba que rematará estoupando en Valmaseda".

IMPOSTOS E DESENVOLVEMENTO

El País **(venres 21 de decembro)**
O economista Emilio Ontiveros é autor dun artigo publicado en El País o venres 21 de decembro no que reclama o aumento do investimento público e privado en educación e tecnoloxía porque, indica, o capital humano é chave para o desenvolvemento. A "prioridade do investimento público, a súa inserción en políticas educativas, tecnolóxicas e de reformas dos mercados que asuman a necesidade de desprazar a economía española cara a posicións propias das economías modernas, non debería subordinarse ás reducións impositivas polas que parecen competir os principais partidos políticos no noso país. Nin a presión fiscal hoxe existente en España, e moito menos o stock da súa débeda pública, son superiores á media das economías máis competitivas e prósperas do mundo".●

LATEXOS

CIÚMES

Carlos Aymerich

Emilio Pérez Touriño non quixo pronunciarse sobre os logros de Anxo Quintana, vicepresidente galego, en materia de transferencias do Estado a Galiza. El, tan amigo de falar do "goberno que eu presido", preferiu desta volta remitir a súa valoración ao primeiro mitin da campaña das eleccións xerais. Mágoa. Mais outra vez os ciúmes puideron máis que un sentido institucional, de país, de cada vez máis estraño en Montepío. O presidente da Xunta, comesto pola envexa, foi incapaz de saudar a nova vía aberta polo nacionalismo para avanzar no autogoberno.
E os ciúmes, sempre acompañados da desconfianza, son maos conselleiros. Antonte o seu home máis próximo, Manuel Vázquez,conselleiro de Medio Ambiente, semella ter xa caído en desgraza. Concentraba moito protagonismo, estaba a proxectar sombra de máis sobre o presidente, xa metía medo o seu control na provincia de Ourense... sexa polo que for, o do Carballiño recibiu a semana pasada o primeiro aviso: os seus candidatos para os comicios xerais foron derrotados polas hostes de Touriño que, eufóricas, cantaban a súa vitoria no Parlamento galego o día a seguir.
Non é boa cousa. Aprendimos hai tempo que as vitorias internas prenuncian derrotas fóra. Con todo, no seu partido, no esquizofrénico PSOE galego, poden facer o que lles pete. Mais no goberno e nas institucións do país as rivalidades non teñen lugar. Bastantes problemas hai fóra como para perdermos enerxía en ciúmes e batallas intestinas. E o presidente do goberno debería ser o primeiro en sabelo.●

VINCENT WEST / REUTERS

Mariano Ferrer,
portavoz dos enxuizados

Crítica á sentenza contra Ekin. O goberno vasco considerou que se vulneraran os dereitos fundamentais dos condenados pola causa denominada "18/98". Nun acto público celebrado en Bilbao, xuntáronse an apoio dos condenados dirixentes de EA e PNV (Begoña Errazti e Xavier Arzallus entre eles), Aralar, EB e PCTV e sindicalistas de CC OO, ELA, LAB e EHNE. Para todos eles o proceso só responde a unha politización da xustiza e defenderon a non vinculación estrita coa loita antiterrorista. PSOE e PP foron os únicos ausentes. ●

DESPOIS DE BARCELONA

Marc Biosca
Sociólogo

Que o catalanismo navegou entre un enxamio de categorías guiado por unha tendencia resolutiva á hora de sentenciar aquilo que o aflixe, é exemplo o devir destas últimas semanas. De 700.000 manifestantes agromando polas rúas de Barcelona dixemos, no mellor dos casos, que eran mostra do descontento e/ou soberanismo latente.

Tamén eran eses manifestantes comunidade facendo memoria. A memoria é peza chave para imaxinar a nación: espazo de lembranzas, de imaxes e paisaxes, e dunha comunicación semiótica que se dá por descontado.

O que lle están a facer ao País Valenciano (impedíndolles aos valencianos recibiren o sinal televisivo de TV3) é, precisamente, despezar se non a única si a máis visíbel das fontes que nos debería permitir reimaxinar día a día que o noso país ten 13 millóns e medio de habitantes. Debemos pór o contador a cero e recoñecer aquilo que sempre sospeitamos, que 300 anos despois o noso proxecto político segue a ser perseguido, boicoteado e violentado. Recoñecelo pasa a ser obrigatorio por estritos motivos de supervivencia. E até que todos e cada un dos que cremos nisto non asumamos a nosa realidade nacional como tremendamente conflitiva e non a traslademos ao vocabulario non haberá xeito de empurrar aqueles poucos que mandan para que o definan baixo categorías sintéticas e ben visíbeis. Quen entendemos que o catalanismo precisa reivindicarse como elemento histórico fundamental temos de esixir que as cousas se nos digan polo seu nome. Xa non nos vale que se nos diga que é mellor calar para non incomodar. Estamos incomodados e moito e queremos expresalo.●

tribunacatalana

BALANCE 2007

A politización do Constitucional réstalles credibilidade ás institucións

A independencia xudicial, en entredito polas liortas entre o PP e o PSOE

César Lorenzo Gil

Por primeira vez en 30 anos de democracia, o Constitucional padece unha liorta interna que puxo en entredito a súa independencia. O tirapuxa entre populares e socialistas por asegurarse o seu control desvirtuou o labor da institución encargada de visar todos os cambios lexislativos do Estado.

Nunha recente entrevista, o presidente do Congreso dos Deputados, Manuel Marín, advertía dos perigos de politización do Tribunal Constitucional por parte dos dous grandes partidos, "tendo en conta especialmente que ambos os dous grandes partidos son os máis interesados en manter con boa saúde as institucións do Estado". Marín é a última das voces que chama a atención sobre os problemas que sofre o tribunal. Días antes, o ex presidente do goberno central, Felipe González, facía unha reflexión semellante. "A cidadanía non pode percibir que o Estado se mantén pola dialéctica entre siglas políticas. Ten que haber un alto grao de seguridade xurídica e estabilidade nas máis altas institucións para que as decisións parlamentarias non supoñan sempre unha aposta na balanza das maiorías electorais".

Se son tantos os que consideran errado politizar o Constitucional, por que se deron tantos pasos na dirección completamente contraria? A razón fundamental de "poñer a xogar" os membros propostos de cada partido neste tribunal hai que buscala nalgunhas decisións lexislativas que non gustaron nas filas do PP, en especial a reforma do Estatuto de Catalunya. Perdidas as votacións parlamentarias, os populares creron necesario que fose o Constitucional quen abortase o cambio lexislativo catalán. Para iso quixeron revogar un dos maxistrados, nun movemento de ficha que creou un efecto dominó con revogacións e contrarevogacións que amosaron ás claras con que forzas contaba, xa non só cada partido, senón cada "familia" dentro dos xeralmente coñecidos por "conservadores" e "progresistas".

O Tribunal Constitucional entrou de cheo na tirapuxa política entre PP e PSOE. ARQUIVO ANT

A XUSTIZA SEN VARRER. A situación do Constitucional é só un dos síntomas que a xustiza española ten de contaxio do conflito partidario. Remata a lexislatura sen que o goberno de José Luis Rodríguez Zapatero conseguise ordenar nin o Consello Xeral do Poder Xudicial nin os vectores principais da actuación de xuíces e fiscais.

O caos notouse principalmente durante a tregua da ETA. O Estado non tivo unha única voz nos seus tres poderes. O executivo optou por baixar a intensidade da acción policial e buscar o contacto cos interlocutores políticos; o lexislativo acordou publicamente darlle permiso ao goberno para negociar cos terroristas. Mais o xudicial seguiu aplicando a "receita" anterior, a xurisprudencia nada da Lei de Partidos e do acoso en todas as frontes contra o independentismo.

> **O caos notouse durante** a tregua da ETA. O Estado non tivo unha única voz nos seus tres poderes.

Nunha entrevista deste mesmo ano, o avogado e experto analista da situación vasca Txema Montero consideraba que esta "disintonía" entre os poderes do Estado provocara a sensación na ETA de que Zapatero estaba a xogar con eles. "Na mentalidade etarra, o Estado actúa coma unha única voz. Non son conscientes de que o sistema é moito máis complexo", afirmaba.

EFECTOS A LONGO PRAZO. Aínda son poucos os que consideran que identificar tan ás claras cada maxistrado cunha opción política pode ter riscos na estabilidade e –sobre todo– na homologación democrática de España. Algunhas voces críticas xa se ergueron, especialmente no mundo da docencia universitaria. Para estes críticos, é moi perigoso que toda a xudicatura entre a fondo na loita entre partidos e determinadas decisións xudiciais acaben considerándose máis ou menos acertadas se quen as ditamina ten unha ideoloxía máis ou menos conservadora.

Tamén desde as nacións periféricas se alerta do progresivo xogo político dos altos tribunais. "Até agora sabiamos que regras rexían e que chanzos podiamos alcanzar", explicaba recentemente o lehendakari Juan José Ibarretxe. "Duns anos para aquí, amais da conxuntura política hai que ter en conta a conxuntura xudicial". Outro punto escuro de cara ao futuro é saber como a sociedade acollerá con normalidade que cada maxistrado ou fiscal se identifique cunhas siglas e interprete a lei seguindo un ditado máis ideolóxico ca legal. "É un proceso que funciona de arriba a abaixo e de abaixo a arriba. Os cidadáns poden percibir que os xuíces son parciais e os xuíces poden deixarse influír polos desexos de cada partido en vez de polos fundamentos normativos", comenta unha fiscal de Vigo para *A Nosa Terra*.●

George Bush embarca no avión presidencial, o *Air Force One*. LARRY DOWNING / REUTERS

O terceiro tempo da Guerra Fría

O ano 2007 remata marcando unha nova tendencia nas relacións internacionais

Xulio Ríos
Director do IGADI (www.igadi.org)

Entramos no terceiro tempo da posguerra fría, poñendo fin a dúas etapas convulsas nas que o predominio hexemonista, o desprezo á legalidade e o recurso á ameaza e o uso unilateral da forza evidenciaron unha profunda incapacidade para reformular o sistema internacional con miras a introducir maiores cotas de estabilidade, xustiza e de progreso.

Os síntomas desa nova tendencia asoman en numerosos escenarios. A viraxe experimentada en contenciosos como o de Corea do Norte ou Irán indica que a diplomacia gaña terreo sobre a inminencia do uso da forza. Cando no 2008 remate o mandato de George Bush, rematará tamén a segunda fase da posguerra fría que tivo o seu inicio no 11 de setembro de 2001, situando o terrorismo como a maior das ameazas para a estabilidade mundial, e brindándolle un argumento incontestábel a Washington para alargar a súa influencia estratéxica en escenarios até entón inimaxinábeis. En América Latina ou África medra a convicción de afirmar procesos autóctonos e de estabelecer novos modelos de relación cos principais actores internacionais e con áreas até entón practicamente ignoradas, fortalecendo a cooperación Sur-Sur. E a moderación afírmase como o valor predominante nos contenciosos máis encistados, o cal non quere dicir que poidamos agardar solucións inmediatas, pero o recurso á forza como vector predominante para procurar beneficios estratéxicos, alentada desde a primeira da guerra do Golfo e a disolución da URSS, que abriron a primeira fase da posguerra fría, ten os seus días contados.

Os protagonistas principais dese cambio de tendencia son dous: Rusia e China. A Moscova de Putin, pese aos seus múltiplos trazos grises, afirma os seus intereses estratéxicos, plantándolles cara ás ambicións de Washington non soamente no seu estranxeiro próximo, senón tamén en litixios graves como o de Irán. Pola súa banda, a China, cada día máis segura de si mesma, comeza a dar mostras dunha hábil diplomacia que con outro modelo, tirando proveito da forza da súa economía e forzada polas necesidades que tamén suscita, está forxando alianzas de gran calado estratéxico en todos os continentes. O impulso tecnolóxico, unha das carencias máis notorias da súa emerxencia, colle forza á par da súa carreira espacial.

Os Estados Unidos xa non son o primeiro exportador mundial (está detrás de Alemaña e da China), nin o primeiro construtor mundial de coches (a China e o Xapón van por diante), hai máis euros en circulación ca dólares, e o euro reempraza o feble dólar como principal moeda de cambio. Wall Street perde peso en relación ás bolsas europeas, e mesmo á rusa ou ás asiáticas. Como destacaba The Economist recentemente, os EE UU son o país máis endebedado do mundo, con maior poboación carceraria, e co maior nivel de consumo de enerxía. Segue en cabeza, pero o pelotón vaise ampliando e ameaza seriamente un predominio que tentou afirmar, sen éxito, coa forza dos seus exércitos, cada día menos invencíbeis. ●

> **Os EE UU xa non son o** primeiro exportador mundial nin o primeiro construtor mundial de coches; hai máis euros en circulación ca dólares e Wall Street perde peso”

LATEXOS

A ONU CONTRA O IRAQ

X. L. Franco Grande

Hai xente que pensa que a ONU, porque de primeiras non autorizou atacar o Iraq, mantivo sempre esa liña. Non é certo: o primeiro que fixo, despois da invasión, foi dictar a resolución 1511, de 16 de outubro de 2003, que significa un mandato á forza multinacional, co que o Consello se Seguridade lexitima a invasión.

E lexitímaa aínda sabendo que a ocupación é violenta, que a situación no país é corrupta e que a resistencia empeza a ser popular á par que os invasores van gañando crecente impopularidade. Non a lexitima de calquera maneira: habería que establecer a curto prazo institucións políticas iraquís.

E aínda sabendo que as tales institucións non foron democraticamente constituídas, senón que se basearon na corrupción duns homes de palla de Washington, que non merecían, nin merecen, a máis mínima respectabilidade ao pobo iraquí, a ONU anovou o mandato ás forzas de ocupación en varias ocasións máis.

É gravísimo que un organismo que ten a encomenda de garantir o cumprimento da legalidade internacional, polas presións dos invasores remate bendicindo a invasión primeiro e a ocupación despois. Con moita razón se ten criticado a ONU, no sentido de que esta non podía dar legalmente un mandato ás forzas invasoras cando estas, contra toda legalidade, invadiran e ocuparan o Iraq.

Hai autores, como Ellen Paine (HYPERLINK "http://www.rebelion.org/noticia.php?id=59480"www.rebelion.org/noticia.php?id=59480), que sosteñen que ese mandato, tan mal fundamentado, é único na historia do Consello de Seguridade da ONU. En calquera caso, unha vergonza máis a engadir ao cúmulo de vergonzas desta guerra. ●

Desde a esquerda, os presidentes de Chile, Michelle Bachelet; Paraguay, Nicanor Duarte Frutos; Uruguay, Tabaré Vázquez; Arxentina, Cristina Fernández; Brasil, Inácio Lula; Venezuela, Hugo Chávez e Bolivia, Evo Morales, durante o cumio de Montevideo o 18 de decembro. REUTERS

O difícil despegue do Mercosur

A influencia estadounidense e a asimetría de Sudamérica, causas da súa febleza

Laudelino Pellitero

As causas polas que o Mercosur non descola poden ser diversas, externas ou internas..., mais ninguén pode negar o fracaso. Transpira sintomatoloxía mórbida: É asimétrico, ineficaz e ten as mans atadas por conflitos de veciñanza de segunda orde.

Nos días previos á XXXIV reunión do Consello do Mercosur –celebrado en Montevideo o 18 de decembro– , o presidente uruguaio Tabaré Vázquez sometera á consideración do directorio da Fronte Ampla (FA) a posibilidade de abandonar o Mercosur. En sintonía argumental co seu ministro de economía, Danilo Astori, consideraba que o feito de ser pequeno nun bloque asimétrico que ignora a República Oriental non ten futuro. Días antes, o brillante Astori mostrábase partidario de abandonar o Mercosur. Prefería seguir os pasos do Perú, que viña de converterse no segundo país suramericano en dispor dun Tratado de Libre Comercio cos EE UU.

Nas finas liñas da diplomacia internacional podíase ler con claridade que o presidente *pro tempore* uruguaio non agardaba gran cousa da cimeira máis curta da historia. Nin se molestara en organizar a clásica cea de presidentes previa ás cimeiras.

Mais a resposta da consulta interna na FA foi tan contundente a favor de continuar no Mercosur que o presidente, non tivo máis remedio que dar unha reviravolta á estratexia: Prioridade ao bloque rexional. A idea de manter relacións económicas bilaterais e directas con outros grandes bloques do mundo. (UE, EE UU), deberá seguir por vieiros máis discretos.

Cara aos EE UU apuntaba Cristina Fernández de Kirchner cando culpabilizaba da debilidade do bloque rexional os factores externos que traballan na defensa de intereses económicos e políticos antagónicos.

> **O presidente do Uruguai** apuntara a posibilidade de abandonar o Mercosur. Só a maioritaria negativa do seu partido, o *Frente Amplio,* impediu que os orientais pactasen en solitario un acordo comercial cos EE UU"

Mais quen mellor percibe o delicado transo polo que atravesa o Mercosur é o Brasil. País que gañou merecido prestixio nas artes diplomáticas.

Dende o Palacio do Planalto colaborárase activamente durante a cimeira de Mar de Plata na morte prematura da Área de Libre Comercio das Américas, impulsada polos EE UU. Pero á hora de celebrar o funeral retirouse discretamente, para deixar que oficiasen na tarima pública os presidentes arxentino, Néstor Kirchner, e venezuelano, Hugo Chávez.

Lula sabe da existencia de mísiles, provenientes do exterior, dirixidos á liña de flotación do Mercosur en forma de tratados de libre comercio bilaterais, pero prefire mirar só cara a adentro: "A culpa é, fundamentalmente, nosa".

O debate non é novo. Dende que Eduardo Galeano escribise o mítico libro *Las venas abiertas de Latinoamérica,* sempre houbo argumentos que pivotan nestes dous eixes: factores externos ou factores internos.

Nas expertas mans da diplomacia brasileira quedan depositadas bastantes das esperanzas dun futuro máis prometedor para o Mercosur. O Planalto ten a encomenda de limar as asperezas provocadas entre países socios ou por líderes amigos firmes na coherencia, pero rudimentarios nas coidadas cerimonias das relacións exteriores.●

OS DIVORCIOS E A ECONOMÍA

Manuel Cao

Os últimos datos sobre separacións e divorcios na sociedade española expresan un grande incremento da inestabilidade da parella como organización social básica con vontade de permanencia. Se non hai moito tempo a parella heterosexual nucleaba unha estrutura de relacións estábel na nosa sociedade e por iso se falaba da institución familiar, na actualidade, esta institución no seu modelo tradicional tende a perder importancia e valor como referente social. Son seguramente diversas as razóns que explican este proceso pero nas sociedades que comparten os valores capitalistas semella existir unha relación entre desenvolvemento e incremento da rotación na formación de parellas, ben sexa por vencellos formais ou informais. Sempre a parella foi un negocio económico e así as institucións vixentes en moitos países subdesenvolvidos conservan un regulamento do matrimonio moi explícito en intercambio de bens, dereitos e obrigas dos contraentes e nalgúns casos do clan familiar. Na sociedade occidental, a instauración do individuo como núcleo unitario fundamental arredor do que se vertebran as decisións no ámbito público, a asignación de recursos nas organizacións privadas e as institucións de intercambio socioeconómico implica unha estrutura social e unhas normas sociopolíticas nas que o ámbito privado está subordinado aos condicionantes do mercado económico ou político e reduce as marxes de manobra das institucións tradicionais ao quedaren obsoletas por seren disfuncionais ante as necesidades de eficacia, competencia e adaptabilidade do modelo de crecemento actual.

As vantaxes do individualismo para o capitalismo son claras ao facilitar a circulación de bens e servizos dotando de flexibilidade os mercados laborais, o que favorece o axuste, a innovación e un mellor aproveitamento dos recursos humanos. O sistema capitalista fornécelle ao individuo oportunidades para rendibilizar as súas capacidades se acepta as regras do xogo da mobilidade e a incerteza. As institucións tradicionais son atrancos que pexan a proxección de persoas xa adaptadas ao modelo de consumo masivo e homoxeneizado por estratos de renda pero cun certo colchón de protección público ou privado nos paises máis industrializados. Os incentivos económicos operan como elemento clave e dinamizador básico á hora de estruturar as preferencias e quedan os factores emotivos ou sentimentais sometidos ás dinámicas socioeconómicas.

Globalmente, e no curto prazo, os divorcios aumentan o consumo e o investimento debido á continua renovación dos fogares, equipamentos e bens de consumo duradeiro acumulados polas familias con consecuencias importantes para o PIB e o emprego. As desvantaxes son para o ambiente pola acumulación de residuos e o consumo excesivo de recursos e, nalgúns casos, para a distribución da renda que pode facerse desigualitaria ao desaparecer o factor reequilibrador interno das axudas familiares.●

As vantaxes do individualismo para o capitalismo son claras ao facilitar a circulación de bens e servizos, dotando de flexibilidade os mercados laborais"

A negociación colectiva enfronta os sindicatos

Os nacionalistas rexeitan o acordo asinado por UGT, CC OO e patronal

Xurxo González

A semana pasada os sindicatos maioritarios no Estado e a patronal asinaron o Acordo Interconfederal para a Negociación Colectiva (ANC). Segundo os seus promotores, garantirá o poder adquisitivo dos traballadores, ao tempo que axudará a conter a inflación. A CIG estima, polo contrario, que diminuirá o salario real de moitas familias con menos recursos. O pasado día 18 os representantes da CEOE e da CEPYME (grandes e pequenos empresarios, respectivamente) e de UGT e CCOO asinaron por quinto ano consecutivo o ANC, que estabelece as condicións para a negociación colectiva nos convenios que xestionen estes sindicatos en todo o Estado. Non obstante, a CIG e outras organizacións de traballadores rexeitan este pacto porque, segundo Antolín Alcántara, o seu secretario confederal de Negociación Colectiva, non lles permite aos traballadores "decidir por si mesmos até onde queren chegar nas súas reivindicacións salariais, senón que estas se impoñen dende a cúpula dos sindicatos".

P. VILABARROS

Aspecto da manifestación do primeiro de maio do 2005 en Vigo.

Alcántara pensa ademais que os criterios que se veñen acordando dende hai cinco anos para a revisión salarial minan o poder adquisitivo dos traballadores. Xaime López, secretario de Acción Sindical e Política Sectorial de CCOO de Galiza nega estas acusacións e apunta que, ademais, na renovación do ANC para o ano 2008 acadáronse importantes avances, como a incorporación da Estratexia Europea de Prevención de Riscos Laborais e directrices derivadas da nova Lei de Igualdade.

López cre que os ANC achegáronlles importantes beneficios aos traballadores durante estes cinco anos, e considera que a postura da CIG débese a que "rexeitan todo o que vén de Madrid". Segundo este dirixente sindical, os ANC que promove a súa organización pretenden "racionalizar e ir a ámbitos máis amplos que os de cada convenio particular".

CRÍTICAS AO ACTUAL IPC. Un dos poucos puntos nos que coinciden todos os sindicatos é na necesidade de cambiar a metodoloxía de elaboración do Índice de Prezos ao Consumo. A estimación deste indicador constitúe a principal referencia sobre a inflación para a negociación das melloras salariais. Non obstante, Antolín Alcántara considera que, dun xeito arbitrario, non se ten en conta suficientemente o peso da inflación dos alimentos (máis alta que a dos bens de consumo e que afecta máis ás familias con menos ingresos) nin considera a compra de vivenda (si o aluguer). Xaime López coincide nesta análise.

As centrais coinciden en pedir a reforma do IPC.

A CIG anuncia que promoverá unha campaña nos medios de comunicación para concienciar aos traballadores desta situación, e tentar que se empregue unha metodoloxía que reflicta mellor a inflación real.●

1.300 contratos indefinidos son o resultado das mobilizacións do naval da provincia de Pontevedra celebradas durante o pasado mes de xuño. Así o considera a CIG, central maioritaria no sector, no último número do seu voceiro, Acción Sindical. A porcentaxe de contratos indefinidos aumentou dende menos do 20 % até o 54,18%.●

O xuízo de Sintel decepciona os traballadores

Santiago Pedraz sobreseu 'de forma provisoria' os cargos contra os principais directivos de *Telefónica* e da súa filial no momento da venda

Xurxo González

Anticastristas de Miami, directivos de multinacionais, xuíces estrela e unha empresa cunha cota de afiliación sindical do 97%. O caso Sintel reunía todos os ingredientes para converterse nunha referencia do movemento obreiro.

Os traballadores, que durante meses tiveron o seu campamento na Castellana de Madrid, consideran que o proceso contra os responsábeis do desmantelamento da filial de *Telefónica* non avanza por bo camiño. O xuíz Pedraz considera que, polo momento, non se pode imputar a Cándido Velázquez, presidente de Telefónica no momento da venda de Sintel á multinacional estadounidense Mas Tec Incorporated, por un delito de insolvencia puníbel e contra a Facenda Pública. Tamén arquivou a causa contra outros dez directivos de Sintel, o que, segundo a Asociación de Traballadores de Sintel, supón un obstáculo para que Telefónica sexa imputada como responsábel civil subsidiaria e chegue a pagar os máis de 268 millóns que reclaman.

As reaccións dos traballadores reflicten a súa decepción. Adolfo Jiménez, portavoz da Asociación explicou que a decisión do xuíz supón unha "demostración palpábel de que a xustiza é manipulábel cando se trata de perseguir os delitos das grandes empresas". Xosé María Sierra, ex traballador de Sintel en Galiza e militante da CIG, afirmou que o auto de Pedraz vén demostrar unha vez máis que "o poder económico está por enriba do político e o xudicial". O avogado dos traballadores xa anunciou que recorrerán o auto de Pedraz.

Os principais imputados até agora son os irmáns Jorge e Juan Mas Santos, herdeiros do responsábel da operación, Jorge Mas Canosa, falecido en 1997. Ambos teñen nacionalidade estadounidense e os traballadores ven moi difícil que sexan procesados en España. O resto dos acusados son membros do consello de administración e o director financeiro de Sintel.

NEGOCIACIÓN CO GOBERNO. Ademais, a sé do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais acolle actualmente as negociacións entre altos cargos da Administración estatal e os representantes da Asociación para a Colaboración cos Traballadores de Sintel. Xosé María Sierra explica que as súas reivindicacións céntranse en acadar "unha saída digna para todo o persoal da empresa". En concreto, maior carga de traballo para Sintratel, unha compañía fundada a partir da Asociación, e axudas sociais para o resto dos empregados. As negociacións baséanse na responsabilidade que o Estado tiña no momento da venda (aínda era accionista de Telefónica). Polo momento, as expectativas dos traballadores de acadar un resultado satisfactorio son altas, aínda que a evolución do xuízo non é moi alentadora para os traballadores, que sufriron un prexuízo económico, pero tamén "moral ou psíquico", como recoñece o auto de Santiago Pedraz.●

> **A decisión da Audiencia** Nacional dificulta que *Telefónica* pague a débeda cos traballadores.

O cadaleito da *Telefónica* que presidíu o campamento solidario de Madrid ao longo do 2001, agarda na beirarrúa do Paseo da Castellana. ANT

Obxectivo: traballo precario

O drama para o persoal de Sintel comezou en 1996, cando gobernaba en funcións o PSOE tras perder as eleccións ante o PP de Aznar. Foi naquel momento cando Telefónica vende Sintel a Mas Tec Incorporated, propiedade de Jorge Mas Canosa, coñecido líder cubano anticastrista de Miami. Xa desde un primeiro momento se advertiu que o prezo de compra non se axustaba á realidade dunha empresa que chegou a contar con 4.000 traballadores no seu momento álxido, proporcionaba emprego indirecto a 3.000 máis en empresas auxiliares, tiña filiais en varios países latinoamericanos e prestara servizos en moitas cidades do norte de África.

A Fiscalía Anticorrupción coincide cos traballadores ao sinalar que os irmáns Mas Santos, herdeiros de Mas Canosa tras a súa morte en 1997, non pagaron a meirande parte do importe acordado con Telefónica. Para solventar esta débeda, a multinacional española aceptou tomar como aval o capital da propia empresa vendida. Primeiro quedou cos seus inmóbeis, que foron taxados nun importe moito menor ao que estabelecía o mercado. E logo comezou a cobrar directamente da caixa da empresa. En resumo, Sintel pagou a súa propia compra. O resultado foi a quebra, co que os traballadores foron despedidos sen cobrar moitos meses de soldo nin a compensación que lles correspondía por convenio.

A CIG (sindicato maioritario da empresa en Galiza) e a Asociación para a Colaboración cos Traballadores de Sintel pensan que o obxectivo final de *Telefónica* era dinamitar os logros sociais que até o momento acadara o sector das telecomunicacións, para chegar así a unha situación de "liberalización" como a actual.●

Tamara Abalde bate marcas na Liga Universitaria estadounidense de baloncesto feminino. A viguesa logrou conseguir 45 puntos nun dos seus partidos co equipo de Lamar. A internacional galega continúa nos EE UU a súa formación tras se converter nunha das nosas máis firmes promesas. Abalde ten 18 anos e procede da canteira do Celta.

Arsenio Iglesias e Fernando Vázquez durante o partido da selección en 2006 PACO VILABARROS

O vindeiro partido da selección de fútbol podería adiantarse ao verán

Galiza quere xogar contra Catalunya ou Euskadi no 2008

Rodri Suárez

Tres encontros disputou a selección galega dende a súa recuperación a finais do 2005. Cada un significou un novo chanzo no proceso de dignificación e crecemento dun combinado que pasou anos soterrado por decisión política. O partido contra Uruguai en San Lázaro (29 de decembro do 2005) centrouse no peso simbólico do retorno e serviu tamén para homenaxear os que o reclamaron. Por iso, foron convocados dous xogadores retirados (Fran e Otero), a lista foi ampla para darlle acollida a veteranos en activo como Dacosta ou Juanito e incluso a Xunta puxo todo o seu empeño para que o Real Madrid de Florentino Pérez autorizase a presenza de Míchel Salgado, como así foi. O partido foi un enorme éxito a nivel popular e tamén deixou bo sabor de boca a nivel deportivo a pesar da relaxada intensidade dun rival que presentou un equipo B. O 28 de decembro do 2006 foi Ecuador o elixido para unha cita en Riazor, onde a selección clausurou o centenario do Dépor. Nesta ocasión, o obxectivo foi a continuidade e tamén unha lixeira subida do nivel competitivo. O conxunto sudamericano viña de completar un magnífico mundial en Alemaña e tomouse o choque moi en serio, polo que a intención de dotar de argumentos futbolísticos á selección cumpriuse. Balaídos quería ofrecer ante Camerún unha especie de simulacro da oficialidade. Porén, os problemas internos da federación africana e a ausencia de Eto'o restáronlle á última hora un pouco de lucimento a unha data que si funcionou como acto de unión ao redor da selección galega de todo o fútbol do país (categorías inferiores e combinado feminino incluídos), de confirmación territorial do poder de convocatoria do equipo –actualmente superior á de calquera club de Galiza– e tamén como peche dunha xeira, a dos amigábeis de Nadal. Porque a intención da Xunta é a de medrar.

DATAS LIBRES A PARTIR DE MAIO. "Barallamos que a selección xogue fóra do Nadal", sinalaba a directora xeral para o deporte, Marta Souto, nunha entrevista n'A Nosa Terra hai dúas semanas. As miras da Xunta xa teñen unha nova data: maio ou xuño do 2008. Todas as ligas de primeira división adiantan este ano o seu final para deixarlles paso ás seleccións que disputarán a Eurocopa de Suíza e Austria. Polo tanto, haberá datas dispoñíbeis para encontros amigábeis. Así, cumpriríanse varias premisas: evitar a sensación de acto folclórico anual dándolle unha maior continuidade á selección e poder contar con futbolistas que non entraron até o de agora por problemas de calendario como é o caso dos galegos que militan en clubs ingleses ou escoceses (Sito, Couñago, Nacho Novo ou David Fernández –este último esquecido polo de agora polos seleccionadores). Así mesmo, tamén podería resultar máis fácil atopar un rival europeo de bo nivel, algo case imposíbel para as seleccións sen rango oficial. Non obstante, o adversario deste encontro podería ser máis próximo. A dirección xeral para o Deporte mantén moi boas relacións cos seus homólogos da Generalitat de Cataluña e do Goberno Vasco, cos que mantivo unha reunión en novembro "para coordinar proxectos no mundo do deporte que poidan estabelecer pontes entre os tres países, como é o caso das seleccións nacionais das distintas modalidades deportivas". Polo tanto, é unha opción moi real a posíbel disputa dun Galiza-Cataluña ou Galiza-Euskadi e incluso a celebración dun torneo triangular.●

Profesionalizar para crecer

Sacar do Nadal a selección sería o primeiro paso dentro da aspiración dos xestores do deporte galego de igualar o máis posíbel o combinado branquiazul co catalán e o vasco, que protagonizan dende hai lustros unha activa loita pola oficialidade. Non obstante, hai diferenzas. Unha é a disposición das federacións de fútbol, xa que a galega non ten ningún interese en involucrarse nesa reivindicación, ao contrario das outras dúas. Outra son os tempos. Galiza aínda ten que superar 70 anos fóra dos campos e quédalle bastante por facer para subir ao tren doutras nacionalidades estatais. O costume de enfrontarse a elas está en camiño pero tamén semella importante ter un seleccionador fixo como Pere Gratacós ou Iríbar, xa retirado, porque a parella que forman Fernando Vázquez e Arsenio Iglesias mantense como solución provisional, algo que a partir de agora lle podería restar seriedade á selección. A partir de aí, os horizontes para seguir subindo chanzos niso que Marta Souto chama "xogar ao máximo nivel dentro da baralla que nos dan" pasan por rivais de primeira liña aínda que moi sacrificados economicamente (Brasil e Arxentina xa xogaron contra Cataluña), buscar pontes gobernamentais que permitan ese soñado Galiza-Portugal ou buscar a celebración de encontros fóra do territorio galego ou estatal, coas colonias de emigrantes galegos como enganche sentimental. Por exemplo, o Venezuela-Euskadi do pasado verán. Posibilidades existen para que a selección galega non deixe de medrar e o faga con máis ambición.●

Probas?

Da calidade dos nosos produtos non hai mellor proba que unha materia prima única, que unha xeografía de grande riqueza; nin mellor proba que a nosa tradición. Isto é o que protexen os distintivos de calidade, a mellor proba de que estás consumindo o mellor da nosa terra. **Probamos!**

ELIXE PRODUTOS CON DISTINTIVO DE CALIDADE

A MELLOR PROBA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Gravación de ***Cantares Gallegos.*** Abaixo, retrato de Rosalía por Brocos –na Deputación da Coruña– e, á dereita, **Fernando Reyes,** director do grupo e a soprano **Mercedes Hernández.**

Rosalía inspira os músicos

O grupo Resonet interpreta dezasete poemas de *Cantares*

M. Barros

Hai constancia de que Rosalía de Castro era coñecida nas diferentes reunións nas que participaba en Compostela co alcume de Lied (canción, en alemán). Probabelmente o gusto e as inquietudes que a poeta mostrou sempre pola música, tanto culta como popular, puideron ser os causantes do sobrenome. Sábese ademais que cantaba, tocaba a guitarra, a arpa e o piano. Poemas como Airiños, airiños, aires ou Campanas de Bastavales naceron de coplas e cantigas populares que Rosalía glosou en diversas estrofas de Cantares gallegos. O grupo de música antiga Resonet revisa e musica precisamente 17 dos poemas que compoñen este libro en Cantares gallegos (Ouvirmos), un traballo que persegue visualizar outra das facetas da poeta. Para a composición da música, o grupo rescata dos cancioneiros populares as melodías e ritmos que tamén inspiraron a Rosalía. Unha das fontes ás que acudiron foron os apuntamentos recollidos durante anos por Eduardo Martínez Torner e Jesús Bal y Gay no seu Cancionero Gallego.

Entre os versos musicados tópanse os coñecidos Campanas de Bastavales e Airiños, airiños, aires. "Xa eran poesías para ser cantadas", sinala Fernando Reyes, director do grupo "como o seu propio nome indica". "A música sempre estivo moi presente na vida de Rosalía", comenta. O traballo, que se presenta en formato digipack, inclúe xunto ao compacto un libreto cos poemas orixinais de Rosalía.

RETRATO DA MENTALIDADE GALEGA. Aínda que a poeta non encaixa dentro da denominada música antiga, campo de actuación do grupo, para o director Rosalía "coñece moi ben" eses sons por ter mantido sempre moito contacto coa tradición. Como el mesmo sinala "mellor que ningún sociólogo, Rosalía soubo comprender o que era a psicoloxía e a mentalidade galega e púxoas en valor na súa obra". Aparentemente sinxelas, detrás das melodías agáchase

Tamén rock

Máis alá do jazz e da música antiga, a escena actual permite tamén escoitar noutro rexistro as creacións da poeta de Padrón. O grupo Nao vén de trasladar ao rock o poema A xustiza pola man. A versión pode escoitarse no seu último traballo As palabras espidas (Kamikaze Música). O disco, composto por 11 temas, chega despois das maquetas Usa a palabra e Somos, esta última seleccionada en febreiro de 2007 como traballo do mes pola revista Rockzone, coas que a banda se deu a coñecer. En Nao conflúen músicos cun amplo percorrido por grupos como Xenreira, MDR ou A Matraca Perversa.●

un destacado traballo de investigación e un respectuoso tratamento musical, non por iso carente de forza e enerxía. Para a materialización do traballo Resonet contou coa participación de músicos especializados na interpretación de música antiga, unha presenza que o director xustifica polo "respecto" e pola "responsabilidade" de traballar sobre os textos dunha das máis destacadas referencias da literatura galega. Entre os intérpretes tópanse Karen Ferrari na viola de gamba, Adriana Alcaide, no violín barroco, Rogerio Golçalves co fagot, Paulo González na zanfona, Manuel Vilas na arpa dobre e Jordi Argelaga no óboe. Os sons dos instrumentos acompañan no disco a soprano Mercedes Hernández, unha das voces máis destacadas do panorama internacional da música antiga.
Resonet leva 17 anos traballando na posta en valor dun patrimonio musical, ao seu ver esquecido, coa reprodución das obras coa maior fidelidade posíbel, empregando instrumentos orixinais ou copias e técnicas vocais axeitadas aos períodos estéticos.●

? QUERE SABER MÁIS?
www.ouvirmos.com
www.myspace.com/somosnaopepevangelista.es

Maio longo a ritmo de jazz

Cos versos de Rosalía como inspiración tamén Pepe Evangelista vén de presentar o seu novo traballo, Teima, un disco no que por vez primeira se musican en clave de jazz os poemas Maio longo e Sin niño, do seu poemario Follas novas. Neste traballo, producido polo selo compostelá Audia Records, Pepe Evangelista está acompañado por Roberto Somoza ao saxo, Kim Gacía ao contrabaixo e Miguel Cabana á batería. Ao mesmo tempo, acompañan este cuarteto como artistas convidados, Belén Xestal, que é a encargada de poñer voz as palabras de Rosalía, e Alberto Conde, que interpreta o piano no tema Xenreira.
Existen poucas pezas rexistradas nas que se revise a obra de Rosalía cos ritmos jazzísticos. Unha das referencias é a versión realizada por Roberto Somoza do poema Negra Sombra, que se incluíu no disco Tempos de cambio (Xingra, 2006).
Gravado no Conservatorio Profesional da Coruña o 26 e 27 de maio deste ano polo Servizo de produción da Radio Galega, o novo álbum inclúe temas como o titulado El marquesito, adicado ao xeneral Juan Díaz Porlier, Néboa, Porto ou RALAC. Con vida de seu, cada un dos temas interrelaciónase para dar forma ao que o guitarrista define como "unha suite ao xeito clásico".
O disco acaba de saír ao mercado, pero neste tempo xa se ten acadado a gabanza de parte da crítica, que destaca a súa improvisación aberta e valora positivamente que o músico consiga rachar no desenvolvemento o punto claro co que parte.●

A poeta nas voces contemporáneas

Manuel Xestoso

Quizais resulte sorprendente saber que Rosalía de Castro é unha das escritoras que máis se escoitan nos auditorios que programan música contemporánea nos Estados Unidos. O responsábel é Osvaldo Golijov, un compositor arxentino de orixe romanesa que, nos últimos anos, conseguiu captar a atención de crítica e espectadores grazas a unha linguaxe ecléctica que semella reconciliar o gran público coa música contemporánea.
A historia comeza en 1999, cando Golijov compuxo para Dawn Upshaw –unha soprano de voz realmente portentosa e favorita de James Levine, actual titular do MET neoiorquino– Lúa descolorida, unha canción para voz e piano con texto do poema homónimo de Rosalía. A canción conquistou os ouvidos das audiencias e dende aquela tivo –sempre dentro dos parámetros da creación musical contemporánea– un éxito fulgurante. Upshaw interpretou a canción polos escenarios estadounidenses máis dun cento de veces e incluína no seu álbum Voices of Light (Nonesuch Records).
Mais a historia desta fermosa composición, que inscribe nunha mesma banda sonora o doloroso lamento rosaliano e as embriagadas evolucións da música estremecedora de Golijov, non rematou na efémera gloria das xiras dunha soprano. No ano 2000, a Bach Akademie Stuttgart, encargoulle ao autor unha Paixón segundo San Marcos. A tradición manda que o lamento de San Pedro despois das tres negacións procedan dun texto non bíblico, así que o compositor converteu a canción rosaliana nunha aria. De novo, a heteroxeneidade de influencias manexadas por Golijov transformou a obra nun suceso –desta vez tamén no vello continente– cando foi estreada no Festival de Música Europea de Stuttgart, baixo a dirección de Helmuth Rilling. Existe un rexistro da noite da estrea en Hänssler e Deutsche Grammophon anuncia unha nova versión para 2008.
Importantes sopranos como Patricia Wrigth, Jessica Rivera, Angela Turner Wilson ou Bethany Reeves –que a interpretou o ano pasado, no Lincoln Center, con Cristina Pato ao piano– introduciron Lúa descolorida nos seus repertorios. A canción dá título tamén ao segundo disco da soprano galega Laura Alonso (Columna), que inclúe outras pezas de Antón Garcia Abril baseadas en textos de Rosalía.
O éxito provocou que Golijov crease outras versións: unha para soprano e cuarteto de corda –estreada por Dawn Upshaw xunto co prestixioso Cuarteto Kronos– e outra para soprano e orquestra, editada este ano no disco Oceana (Deutsche Grammophon), que, entre outras pezas do autor, inclúe Lúa descolorida nun conxunto de tres cancións con textos tirados de poemas, interpretada outravolta por Dawn Upshaw coa Sinfónica de Atlanta. O máis selecto da crítica internacional coincidiu en considerar este conxunto de pezas o mellor do disco. Non cabe dúbida de que, abrigada polas alegrías e as tristezas da música, a voz de Rosalía segue a resoar nos ouvidos do mundo.●

Osvaldo Golijov, compositor da música para o poema de Rosalía *Lúa descolorida.*

A Nosa Voz exposición sobre o Himno en Bonaval. AGN

Himno, bandeira e escudo

Academia e Consello da Cultura tratan de 'fixar' os símbolos galegos

A obra *Os símbolos de Galicia* nace da colaboración entre o Consello da Cultura e a Real Academia Galega, con vontade de fixar na cultura e na sociedade a iconografía propia. A edición recolle a investigación rigorosa e dende diversas disciplinas sobre a orixe e o significado das tres iconas da identidade galega: o escudo, a bandeira e o Himno.

L.R.L.

Para Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura, o feito de que ambas as dúas institucións colaborasen na produción deste documento "dálle aínda máis significado: é un traballo institucional con vocación de servir á sociedade galega". A vontade "non é tanto que o libro contribúa a divulgar popularmente os símbolos, como a fixalos". De feito, *Os símbolos de Galicia* vai máis alá do didactismo: afonda de forma exhaustiva na xestación dos símbolos nacionais, o seu contexto histórico, as súas significacións e as correspondencias con outras culturas, que cambios viviron e como foron finalmente institucionalizados.

A presentación do libro en sociedade, na tarde deste mércores 19 de decembro no Consello da Cultura, encadrouse nunha semana de intensa actividade cultural marcada polo centenario do Himno. Porén, como incide Villares, "non está feito para esta oportunidade, senón que resume o traballo de persoas que levan dez, quince ou vinte anos investigando". Todo un labor historiográfico, antropolóxico e filolóxico que frutificou nesta edición.

> ***Os símbolos de Galicia*** van máis alá do didactismo: afondan de forma exhaustiva na súa xestación, contexto histórico e relación con outras culturas".
>
> **[Ramón Villares]**
> Presidente do Consello da Cultura.

O presidente do Consello da Cultura coordinou a edición xunto co presidente da Real Academia, Xosé Ramón Barreiro Fernández. O seu artigo *Producir símbolos nacionais* abre a publicación, e nel apunta á necesidade das simboloxías para construír a nación: é coa chegada do século XIX e a eclosión dos nacionalismos cando se comezan a producir as linguaxes simbólicas que lle confiren identidade e cohesión a un pobo: "ningún movemento político é capaz de avanzar historicamente se non se dota dunha linguaxe precisa e propia".

TRES ICONAS REFERENCIAIS. Pero o libro vai moito máis alá do sentido romántico que se lles queira conferir aos símbolos, ou do enxalzamento patriótico: é un estudo rigoroso e en profundidade que afonda na súa evolución, nas súas mudanzas e nos seus significados.

En primeiro lugar, Eduardo Pardo de Guevara, director do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento e doutor en historia medieval, achega as súas pescudas sobre o escudo. Dende esta investigación heráldica, descubrimos que o escudo co cáliz e a hostia aparece por primeira vez en Santa María de Sarandós (Abegondo), a mediados do século XVI.

En canto á bandeira, os académicos Xosé Ramón Barreiro Fernández e Xosé Luís Axeitos sitúanse no rexionalismo e na primeira defensa que Manuel Murguía fai da bandeira branca como punto de partida, ou a polémica cando a franxa azul se lle asocia ao sector rexionalista da Sociedade de Amigos del País, e mesmo a ser considerada partidista (por César Vaamonde Lores, que chega a propor a ilegalización da bandeira branca e azul). Pero tamén documentan situacións de uso da bandeira que testemuñan que o modelo coa franxa diagonal xa fora empregado en contextos como o traslado dos restos de Rosalía, ou o propio enterro de Curros.

No Himno afondan Manuel Ferreiro, doutor en filoloxía experto en lingüística histórica, e o musicólogo Fernando López Acuña: dende o que hoxe coñecemos, con letra de Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga, até intentos anteriores, como o que presentara Andrés Muruais ao premio para un "Himno á Galicia en dialecto del país", no marco dunha exposición organizada pola Sociedade de Xogos Florais de Pontevedra, con música de Ricardo Pérez Camino. Ou tamén as achegas posteriores, como *¡Galicia! Hino Popular Rexional,* de Galo Salinas, de 1893, ou Adiante!, de Manuel Lugrís Freire, no 1907. A seguir documentan extensamente a correspondencia entre Pondal e Veiga que foi xerando *Os Pinos,* como naceu e evolucionou o himno, as reaccións da sociedade, e, finalmente, a institucionalización.

UNHA NOVA ACHEGA. Remata a publicación cunha reflexión e proposta do presidente da Real Academia: Un lugar para a memoria. O panteón da Galeguidade. O académico percorre o contexto europeo a través de diversas culturas e a súa vontade de crear espazos para a preservación etnolóxica, e defende a conformación do noso propio.

Propón, xa que logo, manter o Panteón de Galegos Ilustres (malia salientar que prefire o nome Panteón da Galeguidade) na localización actual, respondendo á vontade orixinaria de Murguía, pero tamén insta a facer por que a Xunta poida participar na xestión do edificio, actualmente propiedade da Igrexa diocesana. Suxire tamén a creación dunha comisión de expertos que determine que persoeiros formarían parte deste panteón, e o respecto á vontade das familias e das localidades en canto a traslado de restos, aínda que si considera necesaria a concentración neste espazo de monumentos e memoriais.●

Sinais identitarios na era dixital

O libro foi impreso en Alva Gráfica, e conta co deseño de Xosé Díaz e Imago Mundi, con dimensións consideráveis, encadernación minuciosa e gran calidade e riqueza nas ilustracións. Por outra banda, Os símbolos de Galicia non ha tardar en ter un complemento multimedia. Un dvd recollerá diversas gravacións do Himno, imaxes da bandeira e o escudo e outros materiais. Outro recurso para coñecermos en profundidade a historia dos alicerces que configuraron unha identidade nacional.●

Carlos Penela vén de gañar o premio de Poesía Caixanova.

Carlos Penela

'O escritor debe compensar a erosión do idioma'

Lara Rozados Lorenzo

Carlos Penela acaba de gañar o premio de poesía Caixanova co poemario *Sombras, rosas, sombras.* O xurado salientou a "solidez poética formal e no desenvolvemento da linguaxe, innovadora e intensa, ademais da permanente tensión estética", Non é o primeiro traballo deste vigués de 32 anos, residente en Viena. Ten tras de si tres libros: *As linhagens do frío, Acaso o inverno* e *O que ardeu nos espellos,* todos eles premiados.

Leva un *Espiral Maior,* un *Eusebio Lorenzo Baleirón,* un accésit ao *Esquío* e, agora, o *Caixanova.* Como valora os certames literarios como canle de difusión da poesía?

A escrita poética é sempre marxinal. Nun panorama como o galego, isto, se cadra, agrándase aínda máis. É de valorar o esforzo feito por editores e organizadores destes certames e coleccións. Sen dúbida, outorga certa difusión a novos autores, contribúe a normalizar a evolución do discurso poético, etc... En todo caso, estar ou non aí, como escritor, é algo, a maioría das veces, moi circunstancial e secundario. Ten sentido se axuda a crear verdadeira discusión estética, se enriquece o propio idioma literario e se forma lectores.

Cales son as súas principais influencias? A súa obra foi relacionada con Pessoa, con Kavafis...

Gústaríame poder ler máis e mellor a poesía centroeuropea contemporánea porque deu moi boa conta do desmantelamento da linguaxe nunha encrucillada histórica e intelectual única. A este respecto autores como Rilke ou Celan preséntanseme sempre como un verdadeiro desafío. Os autores que vostede cita tamén me son moi caros, mais, se cadra, nun plano de intertextualidade máis puntual. En todo caso, hai que ter en conta que a música, o ensaio ou, moitas veces, o cinema axúdanme a ir preenchendo as zonas de indeterminación da linguaxe que orixinan o feito literario.

Cal é o peso da filosofía na súa formación e na súa obra literaria? Escolleu o apelido de Emanuel Swedenborg como lema...

A figura do erudito do XVIII Swendeborg foi escollida, sobre todo, por unha chiscadela de ollos cómplice con Borges, a quen lle teño moitas simpatías literarias e quen se ocupou deste personaxe tan suxestivo e tan extraño, e tamén polas conexións do autor sueco con William Blake e certo discurso poético do alucinamento e a revelación que, noutrora, me interesou bastante. En todo caso, isto non ten maior entidade para o propósito do libro. Hai un aforismo de Elias Canetti, un dos meus autores favoritos, que di: "Moitos filósofos son a morte do poeta". Como resposta e provocación penso que podería valer... Paréceme lembrar tamén que era Wallace Stevens quen, dun xeito igualmente moi paradoxal, afirmaba que o discurso poético é xustamente o oposto ao filosófico. Sobre todo, en canto ao método, operan de xeitos moi desemellantes. En todo caso, tampouco sei se podería entenderse o home contemporáneo sen a obra dun Baudelaire, poño por caso; ou se, por outra banda, os textos de autores como Bataille son asumíbeis sen un nivel de lectura altamente poético. A min, en concreto, interésanme moito os ensaios da pensadora Hanna Arendt a respeito da xénese dos sistemas de dominación ou os de Walter Benjamin, e penso que, dalgún xeito, isto si está presente como substrato ideolóxico nalgún poema meu.

Cales son as temáticas que aborda, e dende que perspectiva? Canto hai de existencial nos poemas de Sombras, rosas, sombras?

O título vén dun poema de Ingeborg Bachmann que di: Baixo un ceu estraño / sombras rosas / sombras / nunha terra estraña / entre rosas e sombras / en augas estrañas / a miña sombra. A brevidade dese texto condensaba unha beleza case inquietante que me obsesionaba e que, dalgún modo, me estaba explicando tamén desencontros e incertezas; así pois, serviume de excusa para ir artellando o libro en función do que ese poemiña me suxería: certa noción do exilio, ou exilios, do alleamento da identidade, da tensión da linguaxe. Eses serían os basamentos temáticos do libro.

> **O discurso poético é** xustamente o oposto ao filosófico".

Cales son as súas escollas lingüísticas? Como xoga cos códigos nos seus poemas?

O galego, galego-portugués, nun sentido amplo, é un idioma con máis recursos dos que, moitas veces, os propios escritores cremos, dunha enorme expresividade visual, por exemplo, para o relato. Dicía certo autor brasileiro que sempre escrebía co dicionario á man. Compartillo este principio porque creo na escrita formalmente precisa e para isto a palabra é a única medida coa que contamos e porque moitas veces xa, como dicía Celan, (aínda que por otros motivos) "escrebo coas palabras dos mortos". Contra este proceso de depredación e erosión do idioma o escritor ten a tarefa de dar vida e actualizar ese legado. Facelo en galego con normalidade esixe un grao importante de disimulo, ao que é difícil substraerse, polas lagoas na nosa tradición literaria e por outros motivos obvios. Procuro fornecerme de todas as palabras que o galego me vén ofrecendo; atopo, por exemplo, moitos recursos lingüísticos totalmente rendíbeis no galego antigo e, por suposto, no portugués literario, así como nos estilemas que, a través de moitas traducións galegas e portuguesas, se poderían fixar perfectamente, por medio de pequenas adaptacións, na nosa tradición literaria.

Ten traducido a autores portugueses como Hélia Correa, Possidónio Cachapa ou Luís Carmelo... Até que punto lle inflúe a literatura lusa na súa poesía?

O grande Eça podería ser quizais ese Oscar Wilde que non tivemos.

Para rematar. que pensa da épica hoxe?

A épica hoxe son os cabezallos dos xornais. En canto aos poetas, en fin, non nos podemos queixar tanto, de ser proposta a nosa expulsión da República aos nosos días.●

NA NOSA LINGUA

Marta Dacosta

Estes días facíase pública a sentenza do Tribunal Superior que declaraba legal o decreto 124/2007 sobre o uso do noso idioma no ensino, coincidindo, casualidades da vida, co aniversario da interpretación do himno.

Debe ser motivo de satisfacción que o decreto, que con tanto traballo logramos que saíse adiante, estea agora avalado xuridicamente. Como docente comprometida coa normalización do noso idioma, entendo que é importante que a sentenza incida en que o dereito á educación está garantido a través da aprendizaxe no noso idioma. Como tantas outras veces, esta importante noticia ocupou un reducido espazo informativo, moito menor ao que teñen ocupado outras noticias máis belixerantes coa lingua de noso.

Días antes saían os resultados do Informe Pisa, que tamén ocuparon moitas páxinas, agás algo no que moitas persoas reparamos satisfactoriamente, malia as nosas reticencias ao citado informe. E é que recolle que o alumnado galego obtén moi bos resultados nas materias do ámbito científico, é dicir, naquelas materias que son de obrigada impartición no noso idioma. Esta circunstancia debe ser motivo de orgullo para todos, especialmente para os propios docentes e para os que acreditamos na necesidade de afondar na normalización. Son noticias de relevo, cen anos despois de que a Habana acollese o nacemento dun importante sinal de identidade. Alégrome por nós e tamén polos que desde mediados do XIX tomaron a determinación de reconstruír a nosa identidade, poñendo ao servizo de Galiza o seu corazón e, sobre todo, a súa cabeza.●

crítica

Tabela das letras. FICCIÓN¬

1. **Made in GZ.** Sechu Sende. Galaxia.
2. **Cardume.** Rexina Vega. Xerais.
3. **María das batallas.** Alfredo Conde. Galaxia.
4. **Mentres a herba medre.** Xesús Rábade. Galaxia.
5. **A vida interior de Martin Frost.** PaulAuster. Galaxia.

NON FICCIÓN ¬

1. **Consultorio dos nomes...** X.L. Méndez Ferrín. Xerais.
2. **De provincia a nación.** Xusto Beramendi. Xerais.
3. **As escolas de fundación...** Luís Obelleiro. A Nosa Terra.
4. **Madeira de Zapatero.** Suso de Toro. Xerais.
5. **Coa man armada.** Lupe Martínez. A Nosa Terra.

POESÍA.

Versos para ser lidos doutra maneira

Daniel Salgado reflexiona sobre a desfeita do mundo e das palabras

Os poemas de como se rompe todo.
Autor: Daniel Salgado.
Editorial: Sotelo Blanco.

Chamarlle desasosego ao efecto producido pola contemplación de como se desfai o mundo resulta lóxico, mais insatisfactorio. Trátase da desfeita do mundo que se cartografa en mapas, a desfeita do mundo encarnada nas palabras que definen e transportan cultura e país (para máis, palabras, cultura e país periféricos) e tamén da desfeita do mundo interior. O poeta, Daniel Salgado, é testemuño de si e do seu tempo. Poren, para ser xustos, a este trío cómpre engadirlle a pouca fiabilidade da palabra ou a estreiteza semántica que lle impide ao poeta expresar todo o que quere.

Os poemas de como se rompe todo son un testemuño moi válido dun momento histórico no que a tradicional forma de ler está cambiando, crise que ten moito que ver nesa queixa, nese sentimento de impotencia á hora de espremer os zumes semánticos da palabra.

No decurso do século XX, a tradicional lectura na que o contido semántico do texto resultaba da decodificación e acumulación de datos xerarquizados, foi dando paso, e aínda está, a unha nova forma de ler, un novo procedemento decodificador no cal a interpretación a partir da evocación (practicamente desxerarquizada) poética se impón. A evocación, a epifanía, sempre estivo presente na poesía, en maior ou menor grao, mais nunca tan potenciada como agora, desde un aparente caos. Manuel Antonio explorou con grande éxito esta nova vía, que despois había retomar Ferrín naquel famoso "cambio de rumbo" de mediados da década dos setenta. Detrás do cripticismo, tantas veces mentado, o que hai é isto: unha nova forma de ler, que é tamén unha nova forma de escribir. Velaí tamén que, con máis frecuencia do que pode semellar, títulos que en realidade conteñen narrativa hiperbreve foran publicados en colecciónss poéticas, ou que textos hiperbreves aparezan entre outros poéticos.

Daniel Salgado. ANDRÉS FRAGA

> ***Os poemas de como se rompe todo*** presentan este novo tipo de lectura, tenden ao ritmo roto, a non abusar da extensión"

Os poemas de como se rompe todo presentan este novo tipo de lectura, tenden ao ritmo roto, a non abusar da extensión (non o precisa este tipo de escrita). Tematicamente, o poemario organízase en dúas partes. Aparentemente, unha primeira na que os poemas xiran arredor da tortura que representa contemplar a desfeita do mundo. Non conformándose, o poeta quere evitala, loitar porque iso aconteza, mais sabe que el só non pode, igual que sabe que esa disposición súa é fundamental porque o que se trata é de "como respiramos, que incorpora en nós o arreguizo, /quen acompaña os días /quen acompaña os días ou quen non escribe o poema político" (p. 25).

A política é acción, é loita, non existe sen ela, non pode vivir permanentemente exiliado no optimismo dos poetas comunistas, vivir é loitar contra iso, conclúe nesta primeira parte. Os libros non deben ocupar o lugar das apretas, hai que loitar contra os paraísos artificiais. Esta primeira parte é unha demorada autopoética que reclama a renovación dos esforzos na loita contra a maquinaria que nos afoga e nesa loita tamén é importante renovar o discurso.

A agudizar esa sensación de baleiro da ausencia de imperativos, contribúe o embuste da lingua que antes comentamos. Por outra banda, non está ausente dos versos de Daniel Salgado a necesidade do amor, do afecto. Son as dúas grandes loitas para o ser humano, e os dous grandes baleiros.

A segunda parte incide nese equilibrio entre o amor e a problemática social da desmotivación (o amor non debe anulala) que leva ao esquezo da historia, a instancia última que nos ata. A verdade das cousas é amor e loita, por iso o poeta debe evitar sempre aqueles versos que só falan do amor, a ausencia de calquera dos dous temas creará remorsos, mais no fondo os remorsos da ausencia de loita social son realmente significativos.

Mais, o verdadeiro autor final resulta sempre o lector, e a lectura activa farao consciente. Velaí a razón da queixa dos poetas contra a linguaxe, resulta lóxico explicala por iso, pola sensación que produce a imposibilidade de controlar a dimensión semántica do texto, mais, á súa vez isto abre as portas dunha potencia sémica moi superior ao habitual, tanto como o lector sexa quen de establecer..●

Xosé M. Eyré

Urco Editora publica literatura fantástica en galego. O poema O corvo, de Edgar Allan Poe, nunha coidada edición bilingüe que inclúe os gravados orixinais de Gustav Doré, é a primeira entrega. Urco nace con tres colecciónss ('Ciencia Ficción', 'Gótica' e 'Fantasía') e utiliza novos modos de licenza baseados na cultura libre. Quen desexe subscribirse e recibir obras de Lovecraft, Wells ou Robert E. Howard pode consultar en www.urcoeditora.com.●



Sobre a orixe da dor

Novo poemario de Rafa Villar

Memoria de Ahab.
Autor: Rafa Villar.
Editorial: Sotelo Blanco.

Meditación sobre o tempo, a decepción e a distancia, Memoria de Ahab, de Rafa Villar, sen interxeccións nin suliñados lamentos, perfila a soidade e a derrota, a turbación, a pegada da ausencia e o fracaso: sons espidos, formas filtradas e imaxes fugaces e intensas esbozan o desamparo e a angustia, a relación conflitiva entre o instante e a lonxanía, a intuición e a lembranza a revelar a escura presencia da dor. Aparte algún verso fácil e obvio –indicaría co dedo/ que hai homes detrás da culpa/ tinxidos de mentira/ gobernos falsarios/ e un capital famento das súas ruínas–, Villar amosa o silencio, a soidade final –alguén recibirá en herdo/ o po gris dos nosos ósos/ e terá/ que o ceibar no vento/ para estrumar/ a ruína do mundo que fomos–, a desolación e a derrota –no noso inventario de cousas baleiras/ haberá un lugar/ para ese océano que aramos/ xeración tras xeración–, o pouso da ausencia, a memoria –desde un tempo/ prendido á soidade/ como unha quenlla devorando o océano/ así talvez/ lembremos os días–, o ritmo e o son –avante/ o trazo do xiz sobre a quimera–, o risco, o azar –podemos/ poñer proa á fin do mar/ e que a memoria se afunda/ ou esqueza– e un ton singular e emotivo.

Intenso e íntimo, Villar, á procura da orixe da dor, revela a angustia e a ferida, a cinsa e a fenda e a sensación de baleiro e de dúbida ilustra a emoción e a derrota e perfila figuras e formas tristes e efémeras: a soidade esencial e o lene roce do ritmo, da imaxe e do son mergullan á palabra na mirada interior e na ausencia a abrollar o instante fugaz, a intuición e a memoria.●

Xosé María Costa

> **Intenso e** íntimo, Villar vai á procura da orixe da dor, revela a angustia e a ferida"

NARRATIVA.

A mirada do Outro

Galaxia publica a novela que deu a coñecer ao Nobel Orhan Pamuk en Occidente

O castelo branco.
Autor: Orhan Pamuk.
Tradución: Bartug Aykan e Eva Almazán.
Editorial: Galaxia.

Nesta altura, semella incontestábel que considerar a busca da identidade dos pobos coma un conflito entre tradición e modernidade resulta obsoleto. Miríades de estudos poscoloniais xa nos suxeriron que esta visión do problema resultaba a todas luces insuficiente para explicar a irredutíbel complexidade da construción identitaria, a batalla inclemente de individuos e nacións por atopar a cerna de si mesmos. Presentimos que ese proceso de reconstrución da memoria se asemella máis a unha negociación entre elementos heteroxéneos e contraditorios, entre pezas que pugnan por asentarse no territorio sempre inestábel que separa a historia da innovación, o firme sedimento do ritual e a inexplorada promesa de mudanza. E as novelas de Orhan Pamuk confírmannos na sospeita de que ese combate ten tanto de incerto coma de gozoso, que a tensión entre o binomio formado por identidade nacional e cosmopolitismo non é máis que o reflexo da inquietante pregunta que todos nos facemos ante a soidade da nosa imaxe no espello: "Por que eu son eu?".

Esta é, precisamente, a cuestión que repetidamente se apoñen a si mesmos os personaxes de O castelo branco, a novela que lle outorgou a Pamuk visibilidade en Occidente e que nos chega agora da man da Editorial Galaxia. Trátase dun relato que participa das características da novela histórica, do relato de aventuras e –aínda que resulte tópico citalo cando nos referimos a >>>

Orhan Pamuk.

CONTA DE LIBROS.

Premio 'Merlín'

Xerais publica o último Premio 'Merlín'. *Minimaladas,* de Carlos López é un conxunto de 60 pequenos relatos protagonizados cada un por un animaliño. Historias con moito humor ilustradas por David Pintor.

Os sen voz

An Alfaia gañou o premio 'Fundación Caixa Galicia' 2007, que outorga Xerais, con *Illa Soidade,* unha novela que pretende reflexionar sobre a marxinalidade, sobre os apartados dos medios de comunicación, caso de esmoleiros e vagabundos. A personaxe central, Lucía, tentará evitar a situación de abandono que viven.



Novela da memoria

Rexina Vega gañou o 'Xerais' 2007 con *Cardume.* Novela ou testemuño memorístico, narra a vida de varios personaxes que deixan as ilusións da mocidade xusto cando remata a II República. O tránsito á madurez e a barbarie do franquismo cinxidas nun libro que é debú literario da autora.●

Carlos Lema gaña o Xohán Carballeira de poesía. A súa obra *O xeito de Freud. Transferencias da realidade* foi seleccionada de xeito unánime entre as 29 presentadas polo xurado composto por Miro Villar, Antía Otero e Paco Souto. No apartado de xornalismo fixéronse co premio Lois Pérez Leira e Mónica Lázaro pola reportaxe *A miña nai era a aia do Che Guevara,* publicada en Galiciacig.com.●

crítica

O CORDEL.

Debut
Nº 0. Ano 2007. **Dirixe:** Lola Dopico. **Edita:** Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda de Galiza.

Esta nova publicación dá conta dos traballos dos estudantes de Moda cun deseño moi ilustrado onde

destacan padróns de roupa e fotografías de modelos. Inclúense tamén artigos de Lola Dopico, Óscar Scarpa e Cristina Varela, entre outros.

Abelleira
Nº 88. Inverno do 2007. **Edita:** Asociación Galega de Apicultura.

Xesús Asorei escribe sobre a desaparición das abellas en Galiza. Antonio Gómez e Francisco Orantes analizan



a síndrome de Desaparición de Colmeas. Dominique Guillet tamén analiza o proceso de abandono das abellas, que se dá en todo o mundo. Publícase tamén un calendario apícola que axuda a coñecer que tarefas realizar en cada estación. Ademais, toda a actualidade da asociación.

Encrucillada
Nº 155. Novembro-decembro do 2007. **Dirixe:** Pedro Fernández. **Prezo:** 5 euros

O 31º Foro Relixión e Cultura en Galiza centra parte deste volume, cun traballo de Carme

Yebra. Xosé Luís Barreiro, José Antonio Marina, Francisco Vitoria e Alfonso Agulló analizan a relación entre laicidade e relixión. Xavier Carro achégase á figura de Giovanni Papini. Ademais, as seccións de cultura, política e relixión.●

Orhan Pamuk reflicte as múltiples contradicións e atraccións entre culturas diferentes. FATIH SARIBAS / REUTERS

>>> unha obra procedente de Oriente– das Mil e unha noites. A novela narra a historia dun xove investigador veneciano que, no século XVII, é capturado por piratas turcos cando viaxa en barco cara a Nápoles. Vendido como escravo, acaba en mans dun erudito turco –ansioso por adquirir os coñecementos científicos europeos– que se asemella prodixiosamente ao mozo italiano. O desenvolvemento da relación entre ambos os dous durante os longos anos de cativerio, dálle pé a Pamuk para elaborar unha moderna fábula sobre a identidade que afonda nas oposicións entre Oriente e Occidente, natureza e razón, ficción e realidade.

A ambigua relación que se establece entre os dous personaxes convértese no eixo desta novela. De feito, dende o inicio do seu vínculo, a mestura de fascinación e rexeitamento que manteñen o un polo outro proponlle ao lector un asunto engaiolante: o desexo de ver a través da mirada do Outro. No coñecemento de quen é diferente operan tanto o atractivo que esta diferencia propicia coma a irritación por non ser quen de entender esa disparidade. E aí é onde Pamuk sitúa a súa estratexia narrativa. Ambos os dous personaxes desenvólvense tentando adoptar o punto de vista de aquel que é o seu igual e, ao mesmo tempo, o seu contrario. Na indeterminación das fronteiras entre ambas as dúas personalidades é onde se configura a atmosfera escura e misteriosa que lle permite ao autor xogar neses intersticios onde as insinuacións, os equívocos, as dúbidas… toman o relevo dunha verdade unidimensional.

> **No coñecemento** de quen é diferente operan tanto o atractivo que esta diferencia propicia coma a irritación por non ser quen de entender esa disparidade"

Para comezar, Pamuk recorre ao vello recurso do manuscrito encontrado para situar a súa historia. Non embargante, comeza por introducir un elemento borgiano que xa nos avisa sobre o carácter de finximento que terá toda a narración: o autor que di ter atopado o manuscrito é Faruk Darvinoglu, un personaxe da súa novela anterior, A casa silenciosa. Os xogos coa voz narradora, as ambivalencias entre o que o narrador sabe e o que di que sabe continuarán ao longo de todo o relato ate que, ao final, ao propio lector lle asalte a dúbida sobre quén é realmente quen conta a historia. As múltiples referencias cervantinas (un dos cativos cristiáns, que quedou manco, fala dun devanceiro seu que "pasara pola mesma coita, sobrevivira, e aínda chegara a escribir unha novela de cabalerías") ao quixotesco "eu sen quen son" redundan no indeterminado sentido da identidade que se desprende desta moderna fabulación.

Nunha das máis intensas escenas da novela, os dous protagonistas, fascinados polo seu parecido, comparecen ante o espello para avaliar as súas respectivas personalidades, xusto despois de sentarse fronte a fronte, escribindo historias, relativas á súa biografía, nas que a ficción e a realidade se confunden. "Coñezo o teu medo. Convertinme en ti!" dille un ao outro. Non se trata –como pretenden certas interpretacións interesadas das novelas de Pamuk– de que non existan as diferencias. Ao contrario: só coñecendo estas lograremos poñernos no sitio do Outro.

Mais o xogo literario do recente Nobel non se detén nunha mera exposición de especulacións máis ou menos certeiras sobre a identidade do seu pobo, da visión que se ten dende Oriente (cómpre subliñalo) da relación entre culturas. O seu texto modela unha trama ateigada de misterio, de verdades a medias e de segredos a punto de revelarse que obrigan o lector a escoller un camiño cheo de fisuras, de trampas que o enfeitizan e que lle esixen o compromiso co exótico aire de estrañeza que inunda esta subxugante historia. Forzándoo así a involucrarse nesa ardua tarefa de comprender o Outro e intensificando, deste xeito, o irresistíbel interese desta novela.●

Manuel Xestoso

CINEMA.

Visión actual do fascismo e comunismo dos sesenta

Meu irmán é fillo único.
Director: Daniele Luchetti.
Guión: Antonio Pennachi, Daniele Luchetti, Sandro Petraglia e Stefano Rulli.
Música: Franco Piersanti.

Para poder ir ao cine no Nadal hai que abrir camiño a machetazo limpo na selva de subproductos pegañentos como turrón do blando, cousas de monecos, bechos que falan, papanoeis e demáis faramalla con música de "aigüixlluamericrismas". Até chegar a unha película medianamente respectábel, o camiño é duro, porque o espazo para o cine de verdade queda reducido pola ocupación dos subprodutos. E >>>

Luís Tosar.

O cinema galego prepara os seus títulos para o 2008. Garbo, de Antonio Hernández; Os xirasois cegos, de José Luis Cuerda; Rafael, de Xavier Bermúdez; A casa da luz, de Xosé Cabanas Cao; O vendedor de choiva, de Gustavo Ron; A noite que deixou de chover, de Alfonso Zarauza; Que culpa ten o tomate?, coordinado por Xurxo Coira e Linko Killer, de Paco Rañal, son algunhas das propostas para todos os públicos. Máis información en www.anosaterra.com.●

>>> aí, nese recuncho reservado, está esta peza italiana, Meu irmán é fillo único, dirixida por Daniele Luchetti con guión dos catro que fixeran A mellor xuventude.

Esta película conta unha historia que só se podería contar agora, con distancia, con perspectiva; fala de todos aqueles que foron impulsados e baqueteados polos movementos políticos italianos dos anos 60 e 70, dende os anos de confrontación fascismo-comunismo até os anos de chumbo das Brigatte Rosse, pasando, por suposto polo Maio do 68 e outras ideas tanxentes. A fórmula é aplicábel directamente á propia historia do noso país. A distancia pon a moitas cousas no seu sitio, e o que nos parecía esencial e radicalmente inamovíbel naqueles tempos, hoxe pode ser analizado con humor, con ironía e co cinismo que faltaron daquela para que as cousas collesen outra perspectiva.

O caso é que a comedia sempre ten un lado dramático, e a historia dos dous irmáns italianos, metidos nunha familia obreira, metidos nuns partidos cheos de contradicións en sí mesmos, metidos nun mundo que estaba a cambiar, é unha historia de humor e de drama. Só se podería facer así agora, porque se se tomasen os mesmos parámetros do cine que se facía no tempo que aquí se narra, poñamos por caso "Prima della revolucione", de Bertolucci, sería un exercicio insoportábel, que só aguantabamos pola fe nunha cultura e nunha certa maneira de facer as cousas.

A Historia só se pode contar relativizando todo o que era sagrado, todo o que era amado e odiado. A vida dos dous irmáns, un fascista e outro comunista, vai derivando no medio de contradicións que hoxe nos fan rir, pero que no seu tempo eran artigo de fe: os fascistas gritando democracia —aínda hoxe se ven contradicións semellantes— ou defendendo a Beethoven, e os comunistas aburrindo á tododiós con enleadas ideas que non saían do mundo das teorías. A fin de contas, as diferencias resultan menores cando o tempo as vai pulindo. O resultado é unha película fresca, feita con seres humanos, con cara de xente da rúa, resolvendo unha historia ben traballada e escrita, envoltos por unha banda sonora máis que interesante.

> **A vida dos** dous irmáns, un fascista e outro comunista, vai derivando no medio de contradicións que hoxe nos fan rir"

Vista coa perspectiva histórica, hai que constatar que, dalgún xeito, falamos xa dun neo-neorrealismo, aínda que a cámara de filmar xa non é un elemento pasivo que retrata o que pasa nas rúas, senon un elemento axitado, que se move cos actores e, por momentos, abusa dos primeiros planos que non se quedan quietos. Para os que vivimos aqueles tempos por estas terras, non hai tanta diferenza entre o que aquí se conta co que estaba a pasar, e a mesma ironía, o mesmo cinismo poderíase aplicar ao noso tempo galego cos mesmos resultados. O malo é que todo isto xa é Historia para sair nos libros, unhas follas máis adiante de Viriato.●

J.A. Xesteira

Fotograma de *Meu irmán é fillo único.*

PROPOSTA. Buscar algunha daquelas películas dos anos 60 con mensaxe "político" e intentar aguantala enteira. Logo ler a Italo Calvino ou Leonardo Sciacia, por exemplo.●

Manuel Viéitez dirixe a Escola Superior de Arte Dramática

O teatro crea riqueza

Á dereita, **Manuel Viéitez,** director da ESAD. Abaixo, maqueta do novo edificio.

Reportaxe gráfica: MIGUEL NÚÑEZ

E. Estévez

"É certo que hai talentos naturais e que a maioría dos actores se perfilan na súa infancia, pero na maioría dos casos o actor faise ao longo da súa vida. É unha profesión moi esixente e obriga a unha aprendizaxe continua". Isto é o que confesa o director da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia ESAD, Manuel Viéitez, que está convencido de que o centro que dirixe servirá para abrir novos camiños e crear unha pequena revolución no panorama teatral de Vigo, onde está situada, e de Galicia.

"Aquí queda todo por inventar e espero que os alumnos fagan cousas para abrir novos camiños. O ideal sería que cada teatro da nosa comunidade tivese a súa propia compañía, algo que existe en numerosos países europeos e que crea emprego, riqueza e dinamismo nas cidades nas que existe unha oferta continua de espectáculos en vivo", revela Viéitez, que dirixe este centro dende a súa fundación en setembro de 2005.

Na actualidade a ESAD forma a 102 alumnos e conta con 27 profesores, todos eles moi especializados, que forman a intérpretes e directores de escea en disciplinas como expresión corporal, ortofonía, interpretación, dirección, dramaturxia, esgrima, historia ou análise de texto... primando a formación práctica fronte a teórica con seis horas diarias de traballo nas distintas especialidades.

Cun perfil variado, os futuros actores e directores deste centro adscrito á Universidade de Vigo, conforman un equipo heteroxéneo onde conviven distintas xeracións con experiencias e visións diversas do escenario e da vida que, segundo Viéitez, resulta "moi enriquecedor".

PRIMEIRA PROMOCIÓN. Será en xuño de 2009 cando saia á rúa a primeira promoción de actores e directores cun título oficial deste centro de ensinanza superior. Para entón a escola fará fronte a un grande reto: a saída ao mundo laboral. "No noso novo plan de estudos temos incluída a fundación dunha oficina de iniciativas empresariais, a tramitación dunha pequena bolsa de traballo e a creación dunha compañía de teatro, "Teatronova", mediante un convenio con Caixanova, que servirá para facer seis meses de prácticas divididos en tres meses para crear un espectáculo e outros tres para distribuílo", adianta Manuel Viéitez que explica que os principais obxectivos da escola que dirixe son a calidade na formación do alumnado e o acompañamento no seu acceso á vida activa.●

'O mellor edificio de Arte Dramática do Estado'

Dende o seu nacemento a ESAD está de prestado nas instalacións do Instituto de Ensinanzas Audiovisuais de Vigo, situado en Bouzas, pero en xaneiro de 2009 estreará instalacións propias no barrio de Navia.

Trátase dun edificio deseñado polo arquitecto Santiago Catalán "moi funcional e educativo" presupostado en máis de 12 millóns de euros que contempla unhas amplas instalacións distribuídas en tres alturas nas que se inclúen dous aularios e catro teatros, un deles ao aire libre.

"É unha obra notábel que mostra unha grande consideración por parte da Administración pola arte dramática. Cando estea rematado vai ser o mellor edificio de Arte Dramática do Estado", resume con orgullo Manuel Viéitez amosando o proxecto.

Estas instalacións permitirán darlle formación a 400 alumnos e ampliar o plan de estudos con novas titulacións como dramaturxia e escenografía, así como impartir posgrados de especialización en distintas áreas.●

DÍAZ PARDO

Xosé A. Perozo

Dende hai uns días os parlamentarios galegos levarán a luz de Isaac Díaz Pardo inscrita na súa mirada. O hemiciclo do Hórreo, por riba da presidencia e o estrado de oradores, loce co talento do patrucio en forma de vidreira. Pero ó tempo que esta obra culminaba en Compostela, os correos electrónicos vociferaban un manifesto pedindo apoios para o creador do Sargadelos moderno contra os que o desprazaron da súa propia casa. Unha mágoa que non cesa.

Non hai dúbida de que Isaac é irrepetible. En todo. A súa xeira vital é unha epopea extraordinaria, a súa capacidade para a arte e o pensamento fan del un home singular, a destreza para os negocios colócano entre os emprendedores capaces de crear e facer país, a súa dimensión humana non se poderá abranguer en ningunha biografía posible. Aínda non existe esa biografía necesaria e moito temo que algúns intentos que hai por aí non pasen de simples intentos, entre outras cousas porque Isaac non ten moito afán por ser biografado.

É o caso que a historia deste grande home terá que ter un final indigno por mor dos intereses mercantís do século. Indigno non para o protagonista senón para aqueles que foron tecendo un cerco de desagradecemento ó seu redor. Unha actitude, pode que xustificable desde a perspectiva das contas de resultado dunha empresa, pero imposible de lavar diante da historia desde o lado humano.

Dende que Díaz Pardo foi expulsado do territorio que el creou, moitos sentímonos Isaac, e non bastarán todos os manifestos do mundo para paliar a aldraxe, nin todas a vidreiras do universo.●

RAFAEL MALLO

A cara B de *Triángulo de Amor Bizarro*

Os coruñeses veñen de publicar unha colección de temas, baixo o título *El hombre del siglo V* (Mushroom Pillow) , que nos achegan aos comezos da banda.
nclúen pezas inéditas, de maquetas e cancións novas gravadas para este disco de curiosidades.

M. Barros

Case en paralelo a preparación do que será o seu segundo disco, o trío coruñés Triángulo de Amor Bizarro vén de poñer en circulación toda unha serie de temas que quedaron na recámara musical da banda. O selo independente Mushroom pillow, tamén de orixe coruñesa, encargouse de enlatar El hombre del siglo V, que inclúe os temas das dúas maquetas coas que a banda quedou semifinalista dous anos consecutivos no Proxecto Demo, organizado polo Festival Internacional de Benicàssim, ademais de tres temas gravados para a ocasións. Con este traballo, Triángulo de Amor Bizarro ofrece aos seus seguidores un disco de "caras B" que complementa o seu debut discográfico, aclamado por crítica e público e que o elevou á categoría de grupo revelación do ano.

A banda naceu hai uns anos do encontro de Isabel Cea, Rodrigo Caamaño e Xulián Ulpiano na Coruña, no Taller Electrónico, un local de ensaio que se ten convertido nun fervedoiro musical e que na actualidade alberga proxectos como Fumadora, Devalo e Vale Tudo. O Taller Electrónico foi precisamente o espazo no que se gravou a súa primeira maqueta, un traballo que viría seguido por unha segunda demo na que xa se comezaba a perfilar o estilo que máis tarde se consolidaría en Triángulo de Amor Bizarro, o seu disco debut. Triángulo de Amor Bizarro supuxo ademais o paso definitivo cara a profesionalización da banda, un empurre que lle veu grazas a fichaxe co selo Mushroom Pillow, na que tamén editan grupos como Deluxe.

QUERE SABER MÁIS?
www.mushroompillow.com
www.myspace.com/trianguloamorbizarro

ESTILO NATURAL. Contra o que poida parecer, que a banda ventile os temas das súas maquetas antigas e poña a venda os temas descartados do seu primeiro longa duración non significa que vaia cambiar de terzo. Seguirán levando ao seu rego os sons obsesivos e furiosos de finais dos oitenta, con guitarras frenéticas e ritmos post punk. Como explica Rodrigo Caamaño, un dos membros de Triángulo de Amor Bizarro "se nos dan a escoller entre o son do noso primeiro disco e a sonoridade deste single, preferimos o primeiro e nesa liña seguiremos. Este é máis un álbum de rarezas".

O disco pode mercarse en tendas especializadas ou a través da web da discográfica por 9 euros.

Na actualidade, o trío está inmersa no proceso de composición do que será o seu segundo traballo discográfico, que está previsto saia a finais de verán. "Non nos marcamos prazos nin buscamos unha sonoridade determinada", sinala Rodrigo Caamaño, "impórtanos máis que as cancións nos gusten e que o estilo xurda de xeito natural.●

Segundo Grandío

‘Nunca a política se metera tanto na música e iso foi o mellor que nos podía pasar’

Segundo Grandío e o seu estudio de gravación Casa de Tolos (Gondomar) convertéronse nos últimos dez anos nun dos piares sobre os que se asenta a feble industria musical galega. Nos seus fogóns cociñáronse algúns dos mellores discos que deu a escena do país. Por alí pasaron Budiño, Lamatumbá, Uxía e Cornelius, entre outros.

M. Barros

Instalado profesionalmente no ámbito da produción, na actualidade, a traxectoria vital de Segundo desborda as paredes do estudio. Este Nadal achegaron ás tendas *Operación Can, Pelogato24* e o disco da Señora Carme, *Na flor dos meus anos.* Para a primavera o estudio ten previsto o lanzamento do primeiro traballo de Batuko Tabanka, *Yuntamon* (Bótame unha man!), dacabalo entre a cultura caboverdiana e a galega así como unha compilación de grupos vigueses de hip-hop titulado *Licor café,* coordinado polo Puto Koke.

Con catro anos xa tocaba a guitarra e con oito a gaita. Con 16 anos montou tres grupos de rock en Lugo. Pero o gran público coñéceo por ter sido o baixo de Siniestro Total.

Cando recibín a chamada de Julián Hernández tiña en marcha, con Sito Carracedo e Alfonso Franco, o *Clavicembalo* de Lugo, un local que ofrecía programación continua de concertos. Naquela época participaba en grupos como Tebra ou Gris Merengue, unha experiencia que mesturaba o tradicional coa música de baile. As miñas inquietudes musicais leváronme a aceptar o seu ofrecemento e formei parte da banda viguesa 13 anos, do 1988 até o 2001. Polo medio, en 1999, naceu o estudio de gravación *Casa de Tolos.* Chegou un momento no que me resultaba imposíbel compatibilizar os dous proxectos e vinme obrigado a escoller. Deixei Siniestro. Sigo traballando con eles pero prefiro o mundo do adestrador que o de xogador.

A creación do estudio, responde á necesidade dun músico de autoeditarse ou xa detectaba que existía unha carencia e un nicho de mercado?

Complementa o meu interese pola música. A gravación paréceme unha das facetas máis interesantes da música, porque permite ser músico en activo, producir e deseñar o son. Cando tomei a decisión de poñer en marcha *Casa de Tolos* levaba dende o 1991 facendo produción. O meu soño era ter o meu propio estudio na casa, pero non porque non os houbese en Galiza.

> **Hai máis músicos e mellores** álbums, o que atomiza o mercado e fai que cada disco individual se venda menos”

Que era un estudio de gravación por aquel entón?

Na década dos 90 vivíronse as vacas gordas da industria musical no Estado. Daquela un grupo dispuña dun orzamento de 7 millóns de pesetas para a gravación dun proxecto. Agora alcanza, con sorte, os 6.000 euros. Ademais, entrar no estudio era todo un acontecemento. Na actualidade grava disco quen quere porque é asequíbel e o resultado é mellor.

Tamén mudou o son.

Bob Katz di que o 93 marca esa gran distancia. Todo o realizado antes deste ano soa moito máis baixo, máis pequeniño. A partir desa data desátase a guerra do volume, que afortunadamente está cedendo.

Como foron os comezos co estudio?

(Risas) Onde estamos falando era un galiñeiro. Unha mañá levanteime, collín unha corda e comecei a marcar no prado o que serían as paredes da sala de gravación. Afortunadamente todo saíu ben, pero até acadar o punto no que estamos necesitáronse moitas melloras. Coevolucionamos coa era dixital e conseguimos facer o mesmo que hai quince anos pero dun xeito máis rápido.

Hai militancia no seu traballo?

Non se trata tanto de militancia como de compromiso coa calidade.

Conserva moito material de gravación que será, co tempo, unha referencia da música galega. Ten esa percepción?

Ao principio valoramos os nosos discos dun xeito, por dicilo así, máis superficial. Co tempo, ao botar a vista atrás, decátaste do que levas traballado, de canta creación hai dentro dos álbums e de canto esforzo dedicaron os músicos para parir as ideas. É patrimonio, é a nosa historia musical.

Non lle dá mágoa que moitos deses discos nos que se deita tanta ilusión, non se vexan nas tendas?

Ese foi un dos motivos polo que decidimos pór en marcha *PAI Música* en 2003. Antes da creación do selo traballabamos para outras discográficas pero notabamos que non había o cariño que necesitaban os nosos discos. *PAI Música* nace ademais nun momento estraño, no que, por un lado, se reducen os encargos das discográficas, pero pola contra a calidade e o talento dos músicos ascenden. Esa é unha das contradicións que ten o mundo da música.

Que explicación lle topa?

Cada vez é máis asequíbel que os músicos teñan bo material. Os ordenadores



PACO VILABARROS

son boas ferramentas para traballar na casa e para divulgar músicas e tendencias. Aumenta o número de escolas e de conservatorios. Ao tempo, a propia crise provoca que os instrumentos baixen de prezo, que chegue material de Asia máis barato e que haxa un mercado de segunda man moi potente. Por iso, cada vez hai máis arte e máis ganas de facer cousas. En contraposición, hai tanto grupo que se atomiza o mercado e non se pode mercar todo. Antes publicábanse catro discos e arrasaban en vendas. Agora compiten 40.000 álbums.

> **Este Nadal achegaron ás** tendas *Operación Can, Pelogato 24* e o disco da señora Carme, *Na flor dos meus anos*"

Que opinión lle merece o pirateo?

Escapouse das mans. Hai 15 anos os compactos virxes valían 1.700 pesetas. Se agora se poden mercar por 35 céntimos de euro estánlles a poñer as cousas moi sinxelas. Coido que unha boa forma de controlalo tería sido equiparar os prezos e concienciar o público de que a música é un ben que se debe comprar.

E a crise da industria?

Debemos topar alternativas para que a industria musical sexa rendíbel. Galiza vive o mellor momento da súa historia, tanto en términos artísticos como políticos. Nunca a política se metera tanto na música e iso foi o mellor que nos puido pasar. Ultimamente escoito críticas moi negativas á campaña do IGAEM da rede de salas, por exemplo. Aínda que é necesario corrixir determinados aspectos, penso que iniciativas coma esta están a conseguir que os grupos tomen en serio o seu labor, ensaien, compren bos instrumentos e coiden a posta en escena. Percíbese que a música en Galiza mellorou cualitativamente e, sen dúbida, afectará e reactivar á toda a cadea musical. Para a crise, na *Casa de Tolos* pensamos como alternativa na esponsorización. É dicir, do mesmo xeito que os pilotos levan o corpo ateigado de publicidade a min non me importaría editar traballos nos que a contraportada sexa un anuncio, se iso permite pagar a música. O máis negativo da crise é que repercute na propia música.●

Autor e personaxe de viñeta comparten alcume, orixe e ideoloxía. Vintecinco anos despois da súa primeira aparición en *La Región* e *Atlántico Diario*, a popularidade do paisano sabio, extremadamente alto, coa boina tapándolle os ollos e o cigarro sempre nos beizos segue medrando coas novas xeracións. Mentres conversamos con Xosé Lois González (Ourense, 1949) no parque de San Lázaro, no centro de Ourense, un pai achégase tímido e pide un autógrafo para a súa nena, que non pasa dos seis anos.

O Carrabouxo fai 25 anos

Xurxo González

O Ateneo de Ourense acolle até o próximo 4 de xaneiro unha exposición das mellores cen viñetas de O Carrabouxo. Catro chistes por ano simbolizan a evolución da personaxe, máis no debuxo que na calidade e no sentido do humor. O responsábel desta odisea que dura xa 25 anos, o ourensán Xosé Lois González, ten dito algunha vez que O Carrabouxo é un reflexo das súas frustracións, e que, quizais dun xeito inconsciente, a medida que medra o volume do autor, a personaxe adelgaza. Máis alá de pequenos detalles coma este, basta pasearse brevemente polo Ateneo para observar que o visitante ri o mesmo con viñetas dos anos oitenta que coas máis actuais.

O éxito desta recompilación, e da personaxe en xeral, radica quizais no feito de que o seu humor combine a observación da realidade social do momento cunha abstracción que a afasta do evento concreto. Pero ademais, o humor de ambos Carrabouxos conecta co dos seus lectores porque xorde do mesmo extracto social do que todos proveñen. "A personaxe é unha invención miña para transmitir sobre todo humor e logo conciencia social ou ideoloxía. Ten unhas características humorísticas moi nosas, que proveñen da miña orixe rural, pero ao mesmo tempo está moi definido ideoloxicamente". Pouco despois de apagar a gravadora, confesa que o Carrabouxo é o único militante nacionalista vivo que ten unha estatua. Entre risas, recomenda: "Se pos isto confirma que sexa certo, non vaia ser que metamos a pata".

TIRA E AFROUXA. Con estas premisas, é moi rechamante que o Carrabouxo se publique precisamente en La Región. "Hai unha distancia enorme entre a liña ideolóxica do xornal e a miña e, non obstante, convivimos sen contradicirnos ningún dos dous. Si existen moitas censuras, moitas tensións e discusións. Pola miña condición de militante político, censuráronme durante toda unha campaña electoral, impedíndome que publicase o Carrabouxo. Isto case o entendo, aínda que non o comparto. Aínda así déronse situacións extremas, coma o xornal e máis eu defendendo posturas totalmente distintas", afirma Xosé Lois.

> **O Carrabouxo é o único** militante nacionalista vivo que ten unha estatua"

Unha das características dos chistes de Xosé Lois é que moitos deles son recordados e contados nas conversas coa familia ou os amigos. A popularidade da personaxe é seguramente a clave de que teña sobrevivido nas páxinas de La Región ao longo de tantos anos. "Supoño que non me teñen botado porque algo lles achega e os compensa. Seguramente sexa a difusión que lles proporciona, e que parece que é bastante importante, aínda que eles non o recoñezan para non pagarme máis. Supón tamén un certo morbo e unha fiestra cara certos sectores que se cadra non lerían o xornal se non fose polo Carrabouxo", apunta divertido.

ESCAPANDO DO PAPEL. O Carrabouxo ten transcendido as páxinas de La Región. Unha busca en Internet non moi exhaustiva devolve unha grande cantidade de páxinas nas que degustar a súa retranca. Non obstante, Xosé Lois apunta que o indigna "o pouco que se compensa esta difusión na rede. Non no caso das páxinas sen ánimo de lucro, como os blogs persoais ou as de asociacións culturais ou xuvenís, senón daquelas que se acompañan de publicidade, porque iso é un latrocinio". O humorista recoñece estar moi implicado nas reivindicacións da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración e, no ámbito estatal, da Asociación de Ilustradores de España, que buscan dignificar a profesión. "Non o facemos porque sexamos uns peseteiros, senón por posibilitar que os novos creadores, que os hai moi bos, poidan vivir desta profesión". ●

Tamén na televisión

Tamén as pantallas da Televisión de Galicia acolleron ao Carrabouxo. Lhosca Arias dirixiu 26 capítulos (escenas moi breves) que conforman unha serie de animación a partir de viñetas que xa foran publicadas. Como indica Xosé Lois, "foi unha experiencia pioneira, xa que era a primeira vez que se facía animación puramente galega". De cara ao futuro, existe o proxecto dunha longametraxe co Carrabouxo coma protagonista, na que se ve involucrado nunha historia con mafia, viño e un entorno urbano. Unha mestura á que de seguro haberá que estar atento.●

> **Hai unha distancia enorme** entre a liña ideolóxica do xornal e a miña e, non obstante, convivimos sen contradicirnos ningún dos dous"

Xosé Lois González posa diante da estatua do seu personaxe no Parque de San Lázaro en Ourense.

Definición da 'retrónica'

Humorista, inspector do Estado, militante nacionalista e directivo da Asociación Cultural Auriense a Xosé Lois González gústalle aparecer nos medios para expresar a súa visión do mundo. Así é colaborador de *A Nosa Terra*, desde 1977, e tamén ofrece as súas viñetas noutras publicacións. Ao longo da entrevista insiste nos "sempre o digo" ou "isto xa o teño dito moitas veces". Aínda así, non se cansa de repetir as cousas que considera importantes, e busca contarllas a públicos cada vez máis amplos. Así explica a súa participación no programa que presenta polas tardes na TVG Xosé Manuel Piñeiro: "Sempre me gustou dicir cousas polos medios, e se podo pasar do impreso ao televisivo mellor, porque ten máis difusión. A única condición que puxen foi que me deixasen dicir o que quixese, e iso estase cumprindo totalmente. No programa eu estou poñendo a miña cota de galegocéntrico. Sempre que podo falo de Galiza, aplico unha visión galega aos temas que se tratan".

Non obstante, na faceta televisiva non esquece a vocación humorística. "Logo hai unha serie de parvadas para facer rir por rir, que sempre me pareceu moi interesante. É o que eu chamo retrónica, un humor intranscendente que busca a gargallada por si mesma, que posibelmente é o máis valioso que hai".

A súa vida máis aló do humor é moi diferente. Actualmente é o xefe de Telecomunicacións do Ministerio de Industria para a provincia de Ourense.

"Resúltame un pouco esquizofrénico, xa que non podo poñer a mesma cara cando vou levantar un acta ou revisar unha instalación radioeléctrica que cando estou nun escenario cun monólogo humorístico. Ten certo morbo. Ambas vertentes condicionan a miña vida nos ámbitos familiar e psicolóxico. Esta situación tenme influído, non sei se positiva ou negativamente. É algo que lle dá vida á miña vida". ●

PACO VILABARROS

viaxar.comer.mercar

SABORES.

Quen se atreve cos menús da autoestrada?

A concesionaria dos restaurantes da A9 introduce cambios na comida

Reportaxe grafica: PACO VILABARROS

As dúas menos cuarto é hora punta no comedor da área de servizo Compostela da Autoestrada do Atlántico. A maioría das mesas están ocupadas por homes de mediana idade que comen sós o menú do día. Xoán Carlos, transportista de Caldas, é un habitual. Da selección posíbel, escolleu ensalada de arroz e churrasco de vitela. Os 8,95 euros que custa o menú inclúen dous pratos, pan, bebida e sobremesa ou café. "Non é que me guste, non sabe a nada, como en todas as áreas de servizo", explica. Por outra banda, Áreas, a concesionaria de tres dos catro restaurantes da A9, indicou que non houbo nin unha soa queixa dos usuarios pola calidade dos menús, aínda que anunciou cambios nos mesmos en todos os locais da cadea en España. "Haberá cinco novos primeiros, cinco segundos e tapas", sinalou unha portavoz. Se Xoán Carlos non goza da comida, por que escolleu este establecemento? A resposta dáa el: "Se podo saír, saio e busco outro sitio, mais hoxe non puiden, como moitas outras veces".

Algo máis satisfeito coa comida desta área de servizo está Francisco Monteagudo, outro transportista, neste caso de Santiago. "Preferir, prefiro comer fora da autoestrada, mais hoxe traía un camión moi grande e non teño onde estacionalo, véxome na obriga de parar aquí", explica. Con todo, Francisco está satisfeito coa comida que escolleu: ensalada de arroz e spaghetti. Os dous son primeiro prato, pero gusta máis da pasta que das ofertas que hai para o segundo. "Se saes fora da A9, custa menos, pero estamos nunha autoestrada", explica. Francisco ten varios compañeiros de traballo que evitan no posíbel as áreas de servizo da Autoestrada do Atlántico. "Pola calidade e pola cantidade; din que é escasa". "Eu, non obstante, son habitual, veño dúas ou tres veces por semana, aínda que prefiro a área de San Simón, perto de Vigo", engade.

Quen si gusta da comida da autoestrada é Armando Torre, traballador da construción de nacionalidade portuguesa. "Son de gustos sinxelos e por este prezo tampouco hai moita máis oferta". Armando tomou pote galego e churrasco e considérase ben servido a un prezo aceptábel.

Na Autoestrada do Atlántico hai catro áreas de servizo que ofrecen comidas. Tres delas –O Burgo, na Coruña, Compostela, en Santiago, e San Simón, na ría de Vigo– están xestionadas, baixo a marca Medas, pola empresa catalá Áreas. A outra, Ameixeiras, en Ordes, pertence a propietarios que son todos particulares.

A pesar da preferencia de Francisco Monteagudo por San Simón, as tres áreas de servizo de Medas teñen unha comida similar. Os pratos son iguais en todos os casos, como os champiñóns ao allo, todo un clásico que só se toma por segunda vez de esquecer como son: unha lata de champiñóns cocidos bañados por un mollo de allo. Outra cousa son os servizos. En xeral, os baños están limpos, mais en todos os casos querían obras para actualizalos e poñelos en condicións. Mentres Medas mellorou a cara exterior das súas áreas de servizo cunha capa de pintura, a de Ameixeiras conserva a mesma fasquía do primeiro día.

Os responsábeis de Autopistas del Atlántico S.A., Audasa, comentaron que revisan habitualmente a calidade dos menús das áreas de servizo e que estes cumpren coa normativa sanitaria. "De feito, teñen o certificado Aenor", indicaron. Pola contra, non entraron a valorar nin o prezo nin se son do gusto dos usuarios porque se trata dunha cuestión persoal. Respecto á antigüidade dos baños das áreas de servizo, en Audasa sinalaron que toman nota. Áreas, a matriz de Medas, sinalou que ten un estudo de rehabilitación de áreas de servizo en todo o Estado e que o mesmo inclúe as tres áreas da A9 que ten en concesión.●

H. Vixande

EXERCICIOESAÚDE.

Propostas para o aninovo

REUTERS

Cando unha persoa ten decidido comezar nun ximnasio, como se fai maioritariamente en todos os aninovos, ten unhas expectativas, unhas intencións e unha premisas básicas que non sempre son as máis adecuadas. Moitas delas nacen da orientación doutras persoas, que aconsellan a respecto do mellor tipo de exercicio, o número de repeticións, e incluso os pesos que deben manexarse. Evidentemente, as intencións son positivas pero como acontece cos medicamentos, cada persoa ten unhas circunstancias e características propias que fan necesario a intervención dun asesor profesional.

Nos ximnasios, cada vez máis, traballan licenciados en Educación Física, pero en moitos os asesores son culturistas ou xente que fixo pesas moito tempo e despois formouse nalgunha das múltiplas escolas non oficiais de fitness, aeróbic, etc. A perspectiva destes redúcese a un ámbito moi concreto: a hipertrofia muscular, é dicir, aumentar o tamaño dos músculos. Este tipo de traballo non é o demandado pola maioría das persoas, por iso é necesario cerciorarse de que somos atendidos por persoal cualificado, tendo presente que non é o mesmo un asesor que un monitor. O asesoramento inclúe a saúde.

Para comezar imos ver a diferenza entre exercitar o corpo na resistencia cardiovascular e desenvolver a musculatura. Non son incompatíbeis senón complementarias pero requiren unha orientación diferenciada. A resistencia cardiovascular baséase na realización de exercicios que implican grandes grupos musculares como pernas, tronco, ou ambos os dous, así temos, por exemplo, camiñar, andar en bicicleta, os simuladores da acción de esquiar, os remos de sá, etc. De todos estes, recomendamos o remo porque pode considerarse dos máis completos, así como as máquinas elípticas. Nos dous casos prodúcese unha acción global do corpo que estimula os sistemas corporais de forma coordinada.

Outro elemento que considerar é a intensidade coa que nos exercitamos. Hai unhas premisas básicas pero o principio fundamental é ter en conta as necesidades individuais que deben ser avaliadas polo asesor. A intensidade pode medirse polas pulsacións, así en moitas máquinas aparecen táboas que nos indican as porcentaxes. Estas táboas están elaboradas da seguinte maneira: cóllese o número de pulsacións que se considera como límite: 220, a estas réstaselle a idade, por exemplo imaxinemos unha persoa de 30 anos sería: 220-30 = 190. Estas considéranse as máximas ás que se pode traballar para non correr perigo. Se unha persoa de 30 anos correndo chega a 190 pulsacións, dise que está facendo un esforzo a unha intensidade do 100%. Si queremos facer un símil, sería coma un coche que anda á súa máxima velocidade. Como é lóxico, esta intensidade non pode manterse moito tempo porque se produce un gran gasto de enerxía e os sistemas son sometidos a un esforzo moi estresante que pode deteriorar as estruturas básicas. Entón as táboas marcan os niveis de intensidade seguindo a fórmula indicada e aplicando o seguinte: se unha persoa >>>

>>> de 30 anos ten o límite en 190 pulsacións (100%), o 90% sería 171, o 80% sería 152 e así sucesivamente. Considérase como intensidade alta entre o 80 e 90%; media, entre o 70 e o 80 e baixa, entre o 60 e 70; sempre para persoas sen problemas de saúde, para as que hai que facer estudos particulares. Entón, para facer un traballo cardiovascular é preciso manter unha intensidade baixa: 60-70%. Con esta intensidade os músculos non se esgotan rapidamente e o corazón e sistemas complementarios están sendo reforzados de forma óptima. Isto, ao mesmo tempo, se o unimos á duración do exercicio, daranos como resultado o seguinte: intensidade 60-70% das pulsacións cunha duración de 30-45 minutos igual a adestramento cardiovascular. No próximo artigo veremos ademais outros efectos deste tipo de adestramento.●

Xurxo G. Ledo
coquegl@terra.es

AGASALLOS.

Pratanova abre tenda en Pontevedra

Deseñadas e fabricadas en Galicia as súas pezas poden atoparse en xoiarías de todo o estado

ANT

O "Feito en Galicia" é sinónimo de calidade, así o entenderon en Pratanova cando hai oito anos comezaron a comercializar as súas primeiras pezas.
En Madrid, Zaragoza, Barcelona ou Santa Cruz de Tenerife, e por suposto en toda Galicia, poden atoparse as xoias en prata desta firma pontevedresa que etiqueta os seus produtos en galego. "Dos temores iniciais dalgúns comerciantes pasouse ao pleno apoio da iniciativa, o consumidor final aprecia os produtos galegos pola súa calidade e non hai mellor maneira de amosalo que utilizando a lingua propia", afirma un dos mentores da empresa.
Agora Pratanova abre tenda en Pontevedra, na céntrica rúa de Frei Xoan de Navarrete, pedras e prata centran a súa oferta. Xade, xaspe, ágata, onix, cuarzos, turquesas e outras moitas pedras semipreciosas combinadas en deseños simples, orixinais e con prezos axustados. A idea é achegarse ao consumidor final, poder valorar directamente o encaixe dos produtos e as tendencias e necesidades dun mercado moi saturado.●

P.F.

GUIEIRO
1.291 DE CULTURA E ESPECTÁCULOS

Luis Seoane.
Segue en Ferrol a mostra "Itinerario do trazo", 700 obras do grande artista galego-bonaerense para mellor coñecer o seu legado.

Emigrante esperando, de Seoane.

Coordenado por **Gonzalo Vilas**

MANUEL LOURENZO, HOMENAXEADO

Homenaxe a un dos dramaturgos máis senlleiros e prolíficos do teatro galego. **Manuel Lourenzo** (Ferreira do Valadouro,1943),dramaturgo , actor, director, ensaísta, mestre, é un poeta da escena laureado con moitos galardóns de poesía e de teatro, nos múltiples oficios que conflúennesta arte. As súas obras mereceron, entre outros, o Premio Nacional de Literatura Dramática (1997) do Ministerio de Cultura, o Rafael Dieste (1996, 1999) da Deputación da Coruña, ou o Premio Abrente de Ribadavia (1978), e como poeta recibiu, entre outros, o Premio Cidade da Coruña (1980), o Celso Emilio Ferreiro de Vigo (1982), ou o Pedrón de Ouro (2001).
Segundo anota Alfonso Becerra, un dos membros da Asociación Cultural "A Pipa" de Becerreá que organiza a homenaxe, "Achegarnos a súa obra e a súa persoa ha ser, sen dúbida, unha festa para os sentidos e para a alma. O teatro deste poeta sempre abre vías de prospección naquilo máis fondo e indicíbel".

XV Noite Poética "A Pipa" 07
A.C. A Pipa
O sábado 28, ás 21:00
Casa da Cultura de Becerreá.

AMES
¬MÚSICA. **I Concerto Anti-Nadal.** Concerto organizado polo Centro Social A Fouce. Precedidos de documentais anti-consumistas, actuarán os grupos **Desequ ilibrio Mental, Nois d`Anjrois, Extinción e Novedades Carminha**. O sábado 29, ás 20:00, na *Praza de Chavián*, Bertamiráns.
¬TEATRO. **Golulá**. Polo grupo **Galitoon**, o xoves 27, ás 18:30, na Casa de *Cultura de Bertamiráns*.
¬TEATRO. **Comida chinesa.** Representación a cargo de **Teatro do Adro**, o venres 28, ás 21:00, na Casa de *Cultura de Bertamiráns*.

AS PONTES
¬TEATRO. **O elefantiño.** Polo grupo **A Canica**, o venres 28 ás 18.00 , no *Auditorio Cine Alovi*.

O BARCO
¬TEATRO. **Sen título 4X8X6.** Polo grupo **Os monicreques de Kukas**, o sábado 29 ás 20.00 , no *Auditorio Municipal Lauro Olmo*.
¬MÚSICA. **Telémaco.** Dentro da Rede Galega de Música ao Vivo, actúa estegrupo lucense o venres 28 ás 23:30 na *Sala Baranda*.

BECERREÁ
¬POESIA. **XV Noite Poética.** Nesta homenaxe ao polifacético artista **Manuel Lourenzo**, haberá tamén teatro, con dúas pezas deste autor, coa dirección escénica de Afonso Becerra de Becerreá: **A velada de Londres** e **A proba**, además doutros actos. O sábado 29 , ás 21:00, na *Casa de Cultura*.

BUEU
¬EXPO. **O mar nos carteis.** Colección de carteis no **Museo Massó.** Conta con obras de **Abelenda**, **Díaz Pardo** ou **Peteiro**, entre outros autores.Aberta até o 2 de abril do 2008.
¬MÚSICA. **Concerto.** Pola **Banda de Música Artística de Bueu**, o sábado 29 ás 19:00 no *Centro Social do Mar*.

CANGAS DO MORRAZO
¬TEATRO. **Cigarra e formiga.** Polo grupo **Markeliñe**, o xoves 28 ás 18:00, no *Auditorio Municipal*.

O CARBALLIÑO
¬EXPO. **O universo da muller.**. Pinturas de **Elsa López**. Até o 31 de decembro. *Centro Comarcal*.

CARBALLO
¬TEATRO. **Niña Frida**. Polo grupo **Karlik Danza- Prod.Javier Leoni**, o venres 28 ás 18.30 , no *Pazo da Cultura*.

¬ ARTE

Os Rostros da Memoria

O fotógrafo **Xurxo Lobato** realiza 45 retratos de galegos e galegas que dun ou outro xeito foron represaliados eles mesmos, ou sufriron a represión franquista nas mortes, encarceramentos ou humillacións diversas dos seus seres queridos: pais, fillos.
Os retratos son en branco e negro, austeros, con fondo negro, e con mestría e a aparente sinxeleza dos que dominan a arte retratista Lobato amosa con honestidade a traverso da limpa mirada destas personas, e das liñas fortes das súas enrugas, a dor e a sabiduría que todas elas encerran.
Con esta mostra , auspiciada pola consellería de Cultura, continúa a recuperación da memoria dos homes e mulleres galegos que loitaron pola liberdade durante o franquismo a través destas imaxes en primeiro plano . As 45 fotografías recollen biografías públicas e privadas de costureiros, mariñeiros, zapateiros, escultores, mestres, intelectuais ou carpinteiros, algúns anónimos, outros e outras ben coñecidos. **Avelino Pousa Antelo**, Consuelo Rodríguez López **'Chelo'**, **Francisco Fernández del Riego** ou **Isaac Díaz Pardo** son algunhas das biografías, como a de **Manuel Barros**, fundador das Xuventudes Comunistas de Redondela, prisioneiro na illa de San Simón e que faleceu este verán.
Pódense ver na Casa da Parra en Santiago até o 13 de xaneiro.
Na web da consellería de cultura pódese baixar o catálogo, e ver boa parte das fotos e biografías:
http://media.culturaedeporte.org/cultura/CULTURA/ROSTROS%20DA%20MEMORIA.pdf

CARIÑO
¬MUSICA. **Sugar Mountain.** Actúa o 28 de decembro ás 24:00 h. Na *Sala Ogmios*.

CEDEIRA
¬TEATRO. **Os colombaíños**. Polo grupo do mesmo nome, o domingo 30, ás 18:00, na *Auditorio Municipal*.

CEE
¬EXPO. **Olladas nostálxicas**.

Exposición **Fotógrafos da Natureza.**

Mostra fotográfica de imaxes antigas da vila até outubro de 2008. *Museo da Fundación Fernando Blanco*.
¬TEATRO. **Lazarillo.** Por **Caramuxo Teatro**, o xoves 27 ás 18:30 no *Salón de Actos do concello*.
¬TEATRO. **Cristovo e o libro das marabillas.** Por **Sarabela Teatro**, o sábado 29 ás 18:30 no *Salón de Actos do concello*.

CELANOVA
¬EXPO. **Ríos de Galicia. Tesouros de vida.** Fotografías de **José Luis González**. Até o 15 de febreiro no *Claustro Barroco do Mosteiro*.
MUSICA. **Festival de Panxolliñas** O sábado 29,na *Igrexa do Mosteiro de San Salvador*.

A CORUÑA
¬EXPO. **Fotográfos da Natureza. Wildlife Photographer of the Year 2008**.Até o 30 de xuño. No *Aquarium Finisterrae*.
¬EXPO. **Picasso. Laboratorio de estilos.** Escolma de pinturas e debuxos, con 57 retratos femininos.Na *Fundación Barrié de la Maza*, Cantón Grande, 9.Durará até o 3 de febreiro do 2008.Entrada gratuita.
¬EXPO. **Algoritmi dixit**. Instalación de **Darío Álvarez Basso.** Até o 8 de marzo, na *Fundación Luís Seoane*.
¬EXPO. **Man Ray.** Exposición fotográfica do mítico artista americano na **Sede Fundación Caixa Galicia**, de Luns a venres: 12:00 h. a 14:00 h. e 16:00 h. a 21:00 h.Os Sábados, domingos e festivos: 12:00 h. a 21:00 h.Até o 6 de xaneiro do 2008.
¬EXPO. **Certame de artes plásticas "Isaac Díaz Pardo".** Exposición que recolle 31 obras de novos valores da plástica, presentadas a este certame da Diputación coruñesa.
¬EXPO. **Miguel Fisac. Huesos Varios** Un exhaustivo percorrido pola obra deste destacado membro da historia da arquitectura española do século XX, iniciativa dun grupo de Colexios de Arquitectos. Até o 18 de febreiro, na sala *Luis Seoane*.
¬EXPO. **Ana Mercedes Hoyos**. Exposición antolóxica desta pintora Do 13 de decembro, no *Museo de Arte Contemporáneo* Unión Fenosa.
¬EXPO. **Pintores galegos séculos XIX e XX**.Dende o 13 de decembro. Na *Galería de Arte Xerión*.
¬CINE. **CGAI.** Sen programación até xaneiro.No *Centro Galego de Artes da Imaxe*, rúa Durán Loriga, 10.
¬MÚSICA. **Woody Allen and his New Orleans Jazz Band**. Concerto de Reis polo grupo donde toca o xenio do cine, e bon clarinetista **Allen**. O xoves 3 de xaneiro ás 20:30 no *Pazo da Ópera*.
¬TEATRO. **Do, Re , Mi, Mozart xoga aquí.** Un espectáculo presentado por **Títeres Cachirulo**, donde un Mozart cativo é o protagonista. Sábado 29 ás 18:00 no *Forum Metropolitano*.
¬TEATRO. **Un adulterio...Casi decente.** Con **Mª Luísa Merlo e Pedro Civera**, o venres 28 ás 20:30, e o sábado 29 ás 22:30, no *Teatro Rosalía*.

FERROL
¬EXPO. **Luís Seoane. O itinerario do trazo**. Na Sede **Fundación Caixa Galicia Ferrol** até o 6 de xaneiro do 2008.O horario: Luns a sábados: 12:00 h. a 14:00 h. e 16:00 h. a 21:00 h. Domingos e festivos: 12:00 h. a 14:00 h. A maior exposición sobre o artista galego **Luís Seoane**, preto de setecentas obras catalogadas do autor, figura fundamental da arte galega do século XX.
¬MÚSICA. **Orquestra Sinfónica de Iassi**. Concerto de fin de Ano da orquestra rumana, o domingo 29 ás 20:30, no *Teatro Jofre*.
¬TEATRO. **Do, Re , Mi, Mozart xoga aquí**. Polo grupo **Títeres**

Woody Allen estará en Coruña, no Pazo da Ópera, ao frente da **New Orleans Jazz Band**, na súa faceta de músico de jazz tradicional, como clarinetista.

O Merlo Branco. Obra en cartel do grupo ceense **Talía Teatro**, sobre o tema da discriminación pola condición diferente.

MÚSICAS

A **Orquestra Sinfónica Nacional de Ukraína** estará en varias cidades galegas nestas datas.

Concertos de Fin de Ano e Reis

Agrupados baixo estes dous epígrafes, en numerosas cidades e vilas galegas teremos os clásicos concertos propios destas datas. Desde orquestras sinfónicas a Bandas de Música, todas as formacións se aplican ao repertorio clásico do Nadal e fin de ano. Unha oportunidade magnífica para acceder á música chamada culta, en ocasións para un público menos proclive a achegarse a estas manifestacións musicais noutros intres ou escenarios.

A Orquestra Sinfónica Nacional de Ukraina, unha formación nacida en 1995 ao albur da independencia do seu país e para ser a formación residente do Pazo de concertos Lysenko de Kiev, estará esta semana en Lugo, para de seguido facelo en Ourense e Vigo. Hoxe esta orquestra está considerada unha das mellores formacións da Europa do Leste, dando múltiples concertos pola xeografía europea. En Santiago está a Strauss Festival Orchestra, que é en realidade a Orquestra Sinfónica da Ópera Nacional de Minsk, que toma este nome nas xiras do Gran Concerto de Ano Novo. Esta agrupación musical é unha das máis importantes do seu país e gañou o prestixio alén das fronteiras de Bielorrusia grazas aos seus recitais por todo o mundo e as súas colaboracións cos principais directores de orquestra.

A Banda de Música Municipal de Ribadeo tamén realizará o seu concerto co explícito título de "Aquí como en Viena", así como outras formacións galegas como a Orquestra de Cámara do Concello de Xove, a Banda Municipal de Ourense, ou a de Música artística de Bueu.

Woody Allen n'A Coruña

E como unha das actuacións estelares (sobre todo polo seu tirón popular, ao marxe do musical) destes días será a presencia de Woody Allen coa formación New Orleans Jazz Band, dirixida por Eddy Davisgos, nunha das tresa actuacións previstas en España. Organizada pola Fundación Barrié no seu corenta aniversario, a presenza do neoiorquino e o seu clarinete de seguro há disparar a asistencia, que é gratuita, ainda que os que queiran acudir terán que facerse coas pertinentes invitacións, en duras colas, é de prever. Unha boa oportunidade para ver de perto a este mito do cine, e comprobar a súa solvencia co instrumento, por riba, segundo din, do que a súa modestia como músico lle fai manifestar. Será no Pazo da Ópera coruñés.

A **New Orleans Jazz Band** de Woody Allen.

Cachirulo, o xoves 27 ás 18:00 no *C. Cultural Torrente Ballester*.

¬TEATRO. **Pisando ovos**. Polo grupo **N8 OHX**, o xoves 27 ás 20:30 no *Teatro Jofre*.

¬TEATRO. **Perdécheste o mar**. Polo grupo **Compañía de Teatro Ensalle**, o venres 28 ás 20:30 no *Teatro Jofre*.

FOZ

¬TEATRO. **Os colombaíños**. Polo grupo do mesmo nome, o sábado 29, ás 18:30, na *Sala Bahía*.

GONDOMAR

¬TEATRO. **Sombreiros sen chapeu**. De **Tanxarina Teatro**, o xoves 27 ás 18:00, no *Auditorio Municipal Luis Tobío*.

¬TEATRO. **Un avó especial.** Polo grupo **Migallas Teatro**, o venres 28 ás 18:00, no *Auditorio Municipal Luís Tobío*.

Homenaxe aos cesteiros de **Mondariz**.

LUGO

¬ACTOS NADAL. **Deuses do pasado, os deuses da cidade**. Actividade lúdico-educativa, con coñecementos teóricos e prácticos sobre a mitoloxía clásica e indíxena a través de mitos e lendas. Há ter lugar os días 26, 27 e 28 de decembro, de 11 a 13,30 horas, no *Museo Provincial de Lugo*.

¬EXPO. **De esguello**. Fotografía de **Sylvia Plachy** (Budapest, 1943), dentro do ciclo PhotoGalicia 2007. Na Sala de Exposicions *Centro Sociocultural Caixa Galicia*. Até o 6 de xaneiro do 2008. Luns a venres: 18:00 h. a 21:00 h.Sábados: 12:00 h. a 14:00 h. e 18:00 h. a 21:00 h.

¬EXPO. **Pontes á abstracción. 50 anos do grupo El Paso**. Mostra que comemora aquel grupo artístico de xente como **Antonio Saura** ou **Chirino** que co seu manifesto abriron algunha fenda no panorama gris da época. Está até o 6 de xaneiro, no *Museo provincial*.

¬MÚSICA. **Niño y pistola**. Tocan o sábado 29, dentro da rede galega de música ao vivo, ás 24:00 no *Pub Planeta*.

¬MÚSICA. **Orquestra Sinfónica de Ucraína**. Valses e polcas interpretadas pola orquestra ucraína, no Concerto de Aninovo do xoves 3, ás 20:30 no *Círculo das Artes*.

¬TEATRO. **As últimas lúas**. Espectáculo do grupo **Lagarta, lagarta**, o xoves 27 ás 20:30, no *Auditorio Municipal Gustavo Freire*.

MELIDE

¬MÚSICA. **Blue Rain.** Actúa este grupo o venres 28 ás 01:00, no *Pub Gatos*.

MONDARIZ

¬ACTO. **Homenaxe aos cesteiros tradicionais.** Coa proxección dun documental, diversas intervencións de expertos e estudosos, e actuacións musicais, rendiráse homenaxe aos cesteiros, moi presentes nestas terras. É o domingo 30, ás 18:00 no *Centro Social*.

NARON

¬TEATRO. **O merlo branco.** Representación a cargo de **Talía Teatro**. O mércores 2 de xaneiro ás 20:00, no *Auditorio Municipal*.

NOIA

¬TEATRO. **O merlo branco.** Representación a cargo de **Talía Teatro**. O sábado 29 ás 18:30, no *Teatro Coliseo Noela*.

¬TEATRO. **A viaxe de Efi.** Espectáculo pola compañía **La Imagina Machina**, o venres 28 ás 18:30, no *Teatro Coliseo Noela*.

¬TEATRO. **Cristovo e o libro das marabillas.** Espectáculo pola compañía **Sarabela Teatro**, o domingo 30 ás 19:00, no *Teatro Coliseo Noela*.

OURENSE

¬ACTOS. **Pazolandia.** O *Pazo de deportes Paco Paz* acolle até o próximo día 4 de xaneiro unha nova edición de Pazolandia, o maior parque de atraccións de Galicia dirixido ao goce dos máis cativos durante a época de Nadal.

¬EXPO. **Tránsitos**. Exposición do artista arousán **Carlos Maño** desde este mes de decembro. Nela más-

EN ESCENA

Circuito Galego de Maxia- Nadal Máxico 2007.

Participan os Magos:
Cyrille Sinclair, Dani García, Javier Muro, Mago Benxamín, Mago Cali, Kiko Pastur, Mago Marttyn, Mago Norberto, Mago Pablo, Mago Rafa, Mago Richard, Mago Teto, Mago Vituco, Mago Xacobe, Magomimo Anyo, Martín Camiña, O Mago Antón, Pedro Volta, Román García, Mago Romarís, Cayetano Lledó, Luis García e Luis Manuel.

Calendario:
27 de decembro
AMES
19:30 h
Casa da Cultura de Milladoiro.
RIBEIRA
19:30 h
Auditorio Municipal.
19:30 h
San Xulian-San Tome-Seixo-Biblioteca.
NARON
20:30 h
Auditorio Municipal.

28 de decembro
FENE
20:00 h
Sociedade Agarimo Sillobre.
BRION
21:00 h
Centro Social Polivalente.
O PINO
20:00 h
Casa da Cultura.
CANGAS
20:30 h
Auditorio municipal.

29 de decembro
CARBALLO
18:30 h
Pazo da Cultura.
SANXENXO
18:30 h
Pazo Emilia Pardo Bazan.

30 de decembro
San Sadurniño
19:30 h
Centro Cultural San Sadurniño.
BURELA
19:00 h
Auditorio Casa da Cultura.
ARBO
17:00 h
Auditorio Centro Multiusos.
PONTEVEDRA
20:30 h
Teatro Principal.

Ríos de Galicia, Tesouros de vida é o título dunha exposición de 50 fotos tomadas polo fotógrafo **José Luís González** sobre a fauna, flora e paisaxe dos ríos galegos, exhibida en Vigo e outras vilas galegas.

Leo , curtametraxe feita coa técnica de "stop-motion", estrea esta semana en Santiago.

CONVOCATORIAS

II Premio de Teatro Radiofónico Diario Cultural.
O A Radio Galega e o Centro Dramático Galego promoven o II Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, patrocinado pola Consellaría de Cultura. O premio son 6.000 euros e as obras finalistas emitiranse durante o mes de marzo na programación da Radio Galega. Tamén se publicarán nun libro-CD.

Esta é a segunda edición do Premio "Diario Cultural" de Teatro Radiofónico, unha iniciativa que pretende fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio. En definitiva, trátase de facilitar o diálogo entre os autores e o medio radiofónico para divulgar a escrita teatral galega e promover o encontro entre a audiencia e o teatro. Preténdese contribuír á recuperación do formato de teatro radiofónico desde unha perspectiva contemporánea.
A segunda edición do Premio de Teatro Radiofonico desenvolverase ao longo de toda a temporada. O xurado, integrado por profesionais do mundo da escena e da radio, seleccionará as obras finalistas. As pezas serán dramatizadas por un equipo de actores e actrices coordinados polo CDG. As dramatizacións emitiranse durante o mes de marzo, o mes do teatro, nos distintos programas da Radio Galega. Entre as emitidas, o xurado escollerá a obra premiada e a audiencia votará a obra que recibirá o Premio do Público. Cada un dos premios está dotado economicamente con 3.000 euros.

XVII Certame de Narracións Breves Manuel Murguía
Convoca: Concello de Arteixo.Prazo de presentación: até o 1 de marzo de 2008.
Información: www.arteixo.org

IX Concurso Galego de caricaturistas noveis
Convocado pola Casa da Xuventude de Ourense, como achega á IX Bienal da Caricatura, que organiza conxuntamente coa Concellaría de Cultura de Ourense.
Bases:
Para galegos/as residentes en Galiza entre 14 e 30 anos.
Cada autor poderá presentar o número de caricaturas que estime oportuno, sexa como retrato ou como viñeta de humor gráfico. Deberán ser orixinais, inéditas e non ter levado premio noutros concursos.
Tamaños: mínimo DIN A4 (210 ˘ 297 mm), máximo DIN A3 (297 ˘ 420 mm). Técnica libre. Calquera personaxe pode ser obxecto das caricaturas, aínda que se valorarán especialmente os do mundo cultural, político ou social de Galicia.
Se as obras fosen impresións dixitais xuntarase arquivo en formato jpg
Data: antes do 15 de Xaneiro de 2008 na Casa da Xuventude, rúa Celso Emilio Ferreiro 27, 32004 Ourense.
Premio á mellor colección (6 caricaturas): 800 euros.
Catro Premios ás mellores caricaturas, de 250 euros cada un. Un deles, como mínimo, será destinado a viñeta de humor gráfico. Si se declarase deserto este apartado, o seu importe pasaría a outro premio de caricatura.
Cada autor só poderá levar un premio. O xurado poderá declarar deserto un ou varios destes premios.
Máis información:
http://www.xuventude.net/web/xuventude/expresate

XXVII premio Esquío de poesía
Un dos máis reputados concursos da poética nacional.
Prazo: até o 15 de febreiro de 2008.
Contía: dous premios indivisibles de 10.000 euros e accésit de 2.500 para as modalidades de galego e castelán
- Convoca: Sociedade de Cultura Valle Inclán
Madalena, 234-2/ Ferrol 15402
Tel. 981 354 821/ Fax 981 351 639

XXV Premio Xerais de Novela
Edicións Xerais de Galicia convoca a vixésimo quinta edición do Premio Xerais de Novela en lingua galega, dotado con 25.000 euros..
1ª. Poderán concorrer ao premio todos aqueles autores/as de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os textos presentados han ser inéditos e totalmente orixinais.
2ª. De cada orixinal presentaranse seis copias en papel tamaño folio ou holandesa, mecanografados a dobre espazo, antes do día 7 abril de 2008 nos locais sociais de Edicións Xeraisde Galicia, S.A., rúa Doutor Marañón, 12.
36211 Vigo.
3ª. Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, adxuntarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor/a, así como o título da obra, indicando no sobre: para o Premio Xerais de Novela.
4ª. O xurado estará composto por cinco membros, escolleitos, para cada edición, entre lectores, recoñecidos profesionais da cultura e un secretario con voz e sen voto en representación de Edicións Xerais de Galicia, S.A. O premio outorgarase por maioría de votos.
5ª. A composición do xurado darase a coñecer no mes de maio.

Tamén convoca a mesma editorial estes premios:
XXIII Premio Merlín de Literatura Infantil en lingua galega.
Dotado con 10.000 euros.
XXV Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil
Dotado con 10.000 euros.
Rematan igualmente o 7 de abril.
Información completa sobre os Premios Xerais en:
Edicións Xerais, Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo / Apartado Postal 1446. 36200 Vigo / Teléfonos 986 214 888 - 214 880 / Correo electrónico:xerais@xerais.es/http://www.xerais.es

Premios Narrativas Quentes de literatura erótica.
Convocado por **Editoriais Positivas**, na súa IV edición, poderá concorrer a este premio calquera obra narrativa inédita, sexa novela ou relatos, cunha extensión mínima de 60 folios mecanografados a dobre espazo e máxima de 250, que estea escrita en lingua galega. O prazo remata o 1 de marzo de 2008. Enviaránse os orixinais á editorial convocante, na rúa Xeneral Pardiñas, 15-17, local 10-15701, en Santiago de Compostela. O premio é a edición da obra.

transe as últimas creacións do pontevedrés, que poderemos ver do 14 de decembro ao 7 de xaneiro, no *Centro Cultural Deputación de Ourense*.

¬EXPO. **Pintores no Liceo**. Obras de **Castelao, X. Quesada e Díaz Pardo**. Até febreiro de 2008, no *Liceo*.

¬EXPO. **Olladas ao meu barrio...O Polvorín** Exposición do 3º Concurso fotográfico. Até o 30 de decembro, pódese ver na sede da *Asociación de Veciños O Polvorín*.

¬EXPO. **Outono fotográfico.** Prosegue esta activa iniciativa en diversos locais da cidade.

¬TEATRO. **Boas Noites**. Polo grupo **Berrobambán Teatro**, un espectáculo que xira arredor do stress infantil, con música en directo.Represéntase o xoves 27 ás 17:00 no *Teatro Principal*.

¬TEATRO. **Bolboreta**. Pola compañía **Títeres Trompicallo**,o venres 28 ás 17:00 no *Teatro Principal*.

PALAS DE REI

¬EXPO. **Marina Espriu.** Fotografías realizadas por **Marina Espriu** durante unha campaña de Acción contra a Fame en Angola. Até o 30 de decembro no *Centro Comarcal da Ulloa*.

PONTEVEDRA

¬EXPO. **Cristino Mallo.** Mostra de 80 esculturas e debuxos do escultor tudense.Na Sala de Exposicións de CaixaNova , até o 6 de xaneiro.

¬EXPO. **Facer e deixar facer.** Organiza a facultade de Belas Artes e a Fundación Laxeiro. Dez artistas da propia Universidade de Vigo amosan a súa obra, feita para esta mostra, até 0 13 de xaneiro, na *Fundación Laxeiro*.

A iconografía sobre a traslación do Apóstolo, na Torrente Ballester de Santiago.

¬TEATRO. **Grupo Arume**. Presenta dous espectáculos: **7 berros no mar**, o xoves 27 ás 17 e 21:00, e **Paixón polo Teatro**, o sábado 29 ás 17 e 20:30, as dúas no *Teatro Principal*.

REDONDELA

¬MÚSICA. **Orquestra de Cámara do Concello de Xove.** O venres 28 ás 20:00 no *Multiusos da Xunqueira*.

RIBADEO

¬MÚSICA. **Grupo Arco Vento**. O domingo 30 ás 20:30, na *Igrexa da Orde Terceira*.

¬TEATRO. **Lazarillo.** Por **Caramuxo Teatro**, o venres 28 ás 11:30 no *Auditorio Hernán Naval*.

SANTIAGO

¬CINE. **Estrea da curtametraxe "Leo".** Artefacto Producción estrea esta curta de animación en stop-motion o domingo 29. Será unha das primeiras estreas que acolleraá o circuito de REDestreas. Asistirá o director, **Fernando Cortizo**, e os actores Carlos Blanco, X. M. Olveira "Pico" e Ernesto Chao. No *Teatro Principal*.

¬EXPO. **O soño de Platón.** Pinturas do pintor barcelonés Gabriel Martínez Navarro **"Rigo"**, na galería *Galería Sol & Bartolomé*, San Francisco, 30 , desde o sábado 14.

¬EXPO. **A Traslación do corpo do Apóstolo Santiago**. Organizada pola **Asociación Amigos del Camino de Santiago da**

Xohan Ledo. Prosegue en Vigo a exposición de portadas e ilustracións de **Ricardo García Suárez**, magnífico grafista dos libros de Galaxia.

Anuncios de balde. Poden facelos chegar por estes medios: no Apartado 1.371, 36200 de Vigo; por teléfono no 986 222 405, por Fax no 986 223 101, ou por correo eléctrónico en **guieiro@anosaterra.com.** Pódese incluir unha foto relativa ao obxecto a vender, percurar, etc..., en formato dixital e dimensións moderadas. Publicaránse segundo a disponibilidade de espazo.

Comunidade Valenciá e patrocinada pola Dirección Xeral de Turismo e a S. A. de Xestión do Plan Xacobeo, a mostra agrupa trinta representacións iconográficas que van dos séculos XII ao XIX e reproducen orixinais depositados en diferentes museos de España e Europa. Inclúe tamén sete paneis explicativos. Até o 13 de xaneiro, na *Fundación Torrente Ballester*.

¬EXPO. **Outono fotográfico: 25 Outonos**.Exposición colectiva dentro desta iniciativa fotográfica. Até o 6 de xaneiro na *Galería Sargadelos*.

¬EXPO. **Luís Caruncho, 50 anos de paixón**. Até xaneiro. *Galería Metro*, rúa Nova, 24.

¬EXPO. **Fundación Granell.** Están abertas as seguintes exposicións:
Eugenio Granell, militante do Poum.Até o 27 de xaneiro.
Memoria dun encontro vital. Até o 13 de xaneiro.

¬EXPO. **Badías. Caboverdianas na Mariña**. Fotografías de **Luzía Oca**.Até o 30 de decembro. *Museo do Pobo Galego*.

¬EXPO. **Sri Pada**. Fotografías de **Jessica Agulló**.Até o 27 de xaneiro. *Museo das Peregrinacións*.

¬EXPO. **Grandes mestres galegos** .Percorrido pola plástica galega máis recente, comezando coa obra de Villamil, pasando por outros moitos autores como **Arturo Souto, Villafinez**, **Gonzalez del Blanco** ou **Llorens**, **Seoane** ou **Eugenio Granel**.Até o 15 de xaneiro, na *Galería José Lorenzo*,Travesa do Franco, 3,1º.

¬EXPO. **O espello cotián. Novas incorporacións na Colección Caixa Galicia**.A *Sede da Fundación Caixa Galicia* acolle esta mostra, unha escolma de obras centradas na representación da figura humana, propoñendo unha serie de temas que se relacionan co retrato ou a propia identidade. Poderemos visitala até o 13 de xaneiro.
Horario:Luns a venres: 12:00 h. a 14:00 h. e 16:00 h. a 21:00 h;Sábados, domingos e festivos: 12:00 a 21:00 h.

¬EXPO. **Reflexo**. Exposición de debuxo e pintura de **Marina Núñez**, até o 26 de xaneiro. Na *Galería de arte C5 Colección* - Travesa da Universidade, 1.

¬EXPO. **Sebastião Salgado, África**. Photogalicia 2007.Prolóngase esta impresionante mostra de fotos do mestre brasileiro até o 6 de xaneiro.

¬EXPO. **Esculturas de Manolo Paz.** Até o 11 de xaneiro estarán na *Sede Fundación Caixa Galicia* tres esculturas de gran formato, co título de "Escalinata", "Campo de arroz" e "Nube", pezas realizadas este ano, en pedra de granito, para o espazo da galería *scq*.

¬EXPO. **Francisco Leiro.** Sete esculturas do artista **Francisco Leiro** pertencentes á Colección de Arte Caixa Galicia, expostas na *Sede da Fundación Caixa Galicia*.Até o 13 de xaneiro.

¬MÚSICA. **Gran concerto de Aninovo.** Pola**Strauss Festival Orchestra** de Minsk. O domingo 30 ás 19:00 no *Auditorio de Galicia*.

¬MÚSICA. **VII Festival de Zarzuela de Santiago.** Con **Sabina Puértolas** (soprano) e **Ricardo Bini** (piano), o xoves 27 ás 21:00 no *Teatro Principal*. **Marta Infante** (mezzosoprano) e **Rubén Fernández Aguirre** (piano), o venres 28 ás 21:00. **Alexandra Rivas** (mezzosoprano) e **Kristin Okerlund** (piano), o 3 de xaneiro ás 21:00, todos no *Teatro Principal*.

¬TEATRO. **Casi Romeo y Julieta.**Pola compañía **A Priori Producións**, estará o xoves 27 e o venres 28, en funcións de 19:00, no *Salón Teatro*.

¬TEATRO. **Ao Son das Cousas.** Pola compañía **Sapristi** estará o domingo 30, ás 19:00, no *Salón Teatro*.

¬TEATRO. **Toda a verdade sobre o Nadal.** Monólogo satírico escrito e interpretado por **Sebas Méndez**, o xoves 27 no *pub Desván*, e sábado 28 no *Coffeepop*.

SARRIA

¬EXPO.**13 retratos.**Fotografías de **Miguel Muñiz**. Até o 1 de xaneiro no *Pub Xarope*.

VIGO

¬EXPO. **Xohán Ledo. As caras do libro**.As portadas e ilustracións deste nome clave nas edicións de **Galaxia**. Até o 20 de xaneiro no *Museo Quiñones de León*.

¬EXPO. **Mostra homenaxe ao Che Guevara.** Mostra fotográfica acompañada de textos, até o 31 deste mes, de 9:00 a 20:30, na *Biblioteca Municipal*.

¬EXPO. **A Noiva Cadavre. Do debuxo á marioneta**.Exposición sobre o proceso de creación e animación da película de **Tim Burton**, autor dos deseños. Desde o 21 de decembro, na *Sede Fundación Caixa Galicia*.

¬EXPO. **Laboratorio de estilos.** Bodegóns e naturezas mortas de Pablo Picasso. Na Fundación Pedro Barrié de la Maza, Policarpo Sanz 31 ,neste horario: De Martes a Domingo (luns pechado) 12 - 14 horas;18 a 21 horas.Entrada libre .

¬EXPO. **Tempo ao tempo.** Exposición comemorativa dos cinco anos do *Marco*, Museo de Arte Contemporánea de Vigo. Martes a Sábado: de 11 a 21 horas; Domingo: de 11 a 15 horas.Pechado os luns. Até o 17 de febreiro de 2008.

Exposición sobre o filme de **Tim Burton**.

¬EXPO. **Ríos de Galicia. Tesouros de vida.** Exposición de 50 fotos tomadas polo fotógrafo **José Luís González** sobre o interior e a contorna dos ríos galegos. Na *Sala III do Centro Social Caixanova*,Policarpo Sanz, 26. De 18.00 horas a 21.30 horas todos os días da semana, de 11:00 a 14:00 fins de semana, até o 6 de xaneiro de 2008.

¬EXPO. **Exposición colectiva de obra en bronce.** Até primeiros de Xaneiro de 2008 presentase unha colectiva de obra en bronce de pequeno formato nas instalacións do *Clube Financieiro de Vigo*. Esta selección conta con artistas como **Xoán Piñeiro**, **Acisclo Manzano**, **Guillermo Steinbrüggen** e outros.

¬EXPO. **Nelson Villalobos. Pinturas**. Unha ollada á cidade a través dos seus coloristas pinceis, deste artista cubano afincado en Vigo.Horario: Luns a venres: 12.00 h. a 14.00 h. e 18.00 h. a 00.00 h.; Sábados, domingos e feirados: 12.00 h. a 00.00 h. Até o 6 de xaneiro na *Casa das Artes*.

¬EXPO. **VI Premios Grandeárea de achega á arquitectura**. Mostra que poderemos visitar ata o día 13 de xaneiro.Nela preséntanse en maquetas os traballos premiados na última edición do certame. Até o 13 de xaneiro do 2008, na *Casa das Artes*.

¬MÚSICA. **Fryng Luras + Invitados**.O domingo 30 ás 23:30 na *Fábrica de Chocolate*.

¬MÚSICA. **Marky Ramone**.O mércores 2 de xaneiro ás 22:30, na *Sala La Fábrica de Chocolate*.

¬MÚSICA. **Phantom Club.** Presenta o seu novo disco, o venres 28 ás 22:30 na *Sala La Fábrica de Chocolate*.

VILAGARCÍA DE AROUSA

¬TEATRO. **Unha merenda de Alicias**. Espectáculo do grupo **Sapristi**, o venres 28 ás 18:00 no *Auditorio Municipal*.

¬ ANUNCIOS DE BALDE

■ **Véndese contrabaixo** seminovo con funda e arcos francés e alemán. Chamar ao 619 218966.

■ **Alúgase piso en Gondomar**: dous dormitorios, salón, cociña, baño e aseo. 617936257.

■ **Véndese proxector** LG D.L.P. RD-JT90 con todos os accesorios de conexión, dúas lámpadas e pantalla, mercado hai 6 meses por 1.000 euros, con 10 horas de uso, por 800 euros. Interesados contactar no telf. 688 111 039.

■ **Vendo Enciclopedia Galega** Universal. Telf. 653 928 083.

■ **Véndese clarinete** Yamaha en si bemol, en bo estado. Razón no telf. 636 560 154.

■ **Véndese aparador** de castiñeiro con espello, de 60 anos de antigüidade aproximadamente (2 m. de alto x 1,85 x 0,56), restaurado, por 120 euros negociabeis, en Vigo. Telf. 696 509 362.

■ **Véndese mesa antiga** de comedor, de castiñeiro. Telf. 676 727 518.

■ **Busco piso Cangas e Vigo.**
Funcionario, busco piso en aluguer, mínimo 2 dormitorios e calefacción.
Cangas e Vigo. Urxe. Telf: 658194022

■ **Vendo colección A Nosa Terra** do ano 1907 ao 1970. Consta de 15 volumes (dous deles de índices).Contacto



xan_sen_lar@terra.es

■ **Compro libros, revistas**, fotos, postais, documentos... relativos á Galiza, e tamén selos. Telf. 678 911 804.

■ **Alúgase casa restaurada** por fins de semana ou tempadas na Serra do Suído (Covelo). Chamar aos telf. 986 373 099 ou 645 663 142.

■ **Arréndase unha casa** no Porto do Cabo (Cedeira) todo o ano non sendo nos meses de xullo e agosto. Telf. 676 727 518.

■ **Alúgase casa de campo** completa en Meira (Lugo), á beira do nacemento do río Miño, con 3 cuartos duplos con baño incorporado, cociña, calefacción e 10.000 m2 de finca, fins de semana, temporadas... Chamar ao 686 753 105.

■ **Alúgase baixo** –sobre 130 m2– na rúa Becerreira 81, do barrio de Cabral, en Vigo. Chamar ao mediodía ou á noite ao Tlf. 986 372 263.

Xosé Valiñas

EN CARTEL.

American Gangster
Dirixe: Ridley Scott.
Intérpretes: Denzel Washington, Russell Crowe.
Thriller. EE UU, 2007

Harlem, anos 70, Afromafia. Non é *Shaft* pero tampouco a traslación ao Gueto do Padriño coppoliano. Máis próxima ao universo de Scorsese, a incursión de Ridley Scott no xénero gangsteril ensaia unha terceira vía alternativa entre o cine de acción sen máis pretensións cultivado polo seu irmán Tony Scott e os filmes maiores da escola italoamericana. É a gran favorita na carreira cara aos *Oscar* e vai ser a grande estrea do final do ano.

O destino de Nunik
Dirixe: Paolo e Vittorio Taviani.
Intérpretes: Paz Vega, Moritz Bleibtreu.
Drama. Italia, 2007

Xa case octoxenarios regresan os irmáns Taviani logo duns anos adicados á televisión. Fano cun filme que, a priori, trae intencións de reconciliarlos cun público que os tiña más ben esquencidos. Na liña de grandes filmes como *Padre Padrone, A noite de San Lourenzo* ou *Good Morning Babilonia,* os que foran *enfants terribles* do cinema politico italiano dirixen a súa ollada á Turquía dos convulsos estertores do Imperio Otomano e ás feridas, nunca pechadas, do xenocidio armenio. Paz Vega fai de heroína armenia.

Non digas nada
Dirixe: Felipe Giménez Luna.
Intérpretes: Santi Rodríguez, Claudia Molina.
Comedia. España, 2007

Prosegue a canibalización televisiva da comedia cinematográfica española como improbábel mecanismo de renovación xeracional. Desta volta co froiteiro de "7 vidas", Claudia "Ana e os 7" Molina e Jimmy Barnatán, que polo camiño que leva vai acabar de émulo hispano de Michael J. Fox facendo de macarra xuvenil con enrugas de expresión. Humor de calibre groso para unha pretendida comedia negra de adolescentes psicópatas e polis patosos.

TELEVISIÓN.

Plácido
Dirixe: Luis García Berlanga.
Intérpretes: *Cassen,* José Luis López Vázquez.
Comedia. España, 1961
La 2. Venres, 28 de decembro. 21:30 h.

Non, se aínda se nos vai molestar a Conferencia Episcopal. Hai que ter moito espírito de contradición para programar nestas datas a vitriólica visión de Berlanga –con guión de Rafael Azcona– do Nadal celtibérico e a súa idiosincrasia. Bastan tres palabras para definila: Unha Obra Mestra. O Marshall levou a popularidade e *O verdugo* o prestixio, pero é *Plácido* a verdadeira, e prematura, culminación artística do cine de Berlanga-Azcona no seu mellor momento. Non lle teñen nada que envexar á parella Wilder-Diamond, os Lennon-McCartney da comedia americana daqueles anos. Robert Altman –Lumiére o teña na súa gloria– non copiaba o mestre Berlanga porque non o coñecía, mais xa quixera ter chegado ao seu dominio da comedia coral.

Russell Crowe en *American Ganster.*

Sophia Bush en *Estrada ao inferno.*

Berlin Alexanderplatz.

DVD.VENDA.

Berlin Alexanderplatz
Dirixe: Rainer W. Fassbinder.
Intérpretes: Hanna Schygulla, Barbara Sukowa.
Drama. Alemaña, 1980

Os cinéfilos da liña dura tamén teñen o seu nicho de mercado na industria do dvd, se no apartado fantacientífico postmoderno a edición deste Nadal vai ser a enésima revisión de *Blade Runner,* no departamento de cinema de autor a xoia destas datas vai ser esta inesperada edición do Berlin Alexanderplatz de Fassbinder. 15 horas de metraxe para a adaptación televisiva do clásico de Alfred Döblin asinada polo malogrado director de *Querelle.* Filmouna pouco antes do prematuro remate da súa carreira, con varias das súas actrices fetiches e cunha esmerada recreación sociopsicolóxica da Alemaña prenazi. Toda unha *Summa Cinematográfica* fassbinderiana nun bonito estoxo. Volve o Cineclub en formato doméstico e a media luz.

O Bico da morte
Dirixe: Henry Hathaway.
Intérpretes: Richard Widmark, Victor Mature.
Negro. EE UU, 1947

Un clásico para combater a seca de novidades de interese no mercado do dvd. Cinema negro de culto dirixido por Henry "Niágara" Hathaway con guión de dous dos indispensábeis do Hollywood clásico, Ben Hetch e Charles Lederer, colaboradores habituais de Howard Hawks. Supuxo o debut de Richard Widmark, no papel dun *gangster* de tendencia piscótica ao que lle debe moito o Lee Marvin de *Os subornados.* Unha oportunidade para recuperar un deses clásicos menores esquencidos que o mercado dixital está a sacar de novo á luz.

DVD.ALUGUEIRO.

Estrada ao inferno
Dirixe: Dave Meyers.
Intérpretes: Sean Bean, Sophia Bush.
Thriller. EE UU, 2007

Non sei se lembran un entretido filme de serie B da década do 1980 con Rutger Hauer en plan autoestopista psicópata e acosador, chegou a "gozar" de secuela xa sen o protagonista das *Delicias Turcas.* Pois a única novidade reseñábel de videoclub desta semana e unha nova versión daquel filme con Sean Bean –o Boromir d'*O Señor dos aneis*– tratando de emular o vello actor holandés. Moito deseño e pretensión para unha posta ao día do estilo das recentes revisitacións da *Matanza de Texas* ou *Os outeiros teñen ollos.* Que foi do encanto sinxelo da serie B? ●

Non digas nada.

PASATEMPOS.39.

Gonzalo Vilas

CRUCIGRAMA I



Horizontais:
1- Cuarta letra do abecedario. **2-** Fana as arañas. **3-** Ramallos da planta do mesmo nome, dispostos atados e usados para varrer. **4-** Un nome de letra, consonante. Partido obreiro dos tempos da II República. **5-** Animaliños inimigos das serpes. **6-** Parroquia cercana a Santiago de Compostela, de donde era Enrique Líster. Concello ao que pertence o lugar anterior. **7-** Cocíñaa con auga. Unha raza africana, e tamén un insulto. **8-** Goberno expansionista sobre outras nacións. Facer durmir a unha crianza, cun son agradábel. **9-** Ao revés, estado de furia ou raiba. Chuvias miudas, chuviscas. **10-** Material natural doado de moldear, empregado para facer pezas de cerámica. Que non pode ver.**11-** Ao revés, organización de países americanos. En lunfardo, a lingua dos tangos, home valente e audaz. **12-** Vogal. O que move montañas. Xornal deportivo. **13-** Árbores caducifolias, das fagáceas, pouco presentes na Galiza agás nalgún monte do Courel. **14-** Rece. **15-**Vogal.

Verticais:
1- Número romano. **2-** Xefa dunha casa. **3-** Consoante. Forma popular dunha preposición. **4-** Árbore froiteira, das máis comuns nas casas. **5-** Peluxe fúnxica que se forma sobre a materia en descomposición. Auga en determinado estado. **6-** Homicidio masivo, en particular sobre unha raza ou grupo determinados. Consoante. **7-** Bebida en infusión, traida por Marco Polo a Europa. Río asturiano e galego. Parroquia do concello de Touro. **8-** Gobernante tiránico. Cangrexo pequeno, de patas planas e cuncho arredondada. **9-** Sufixo de certas patoloxías. Contracción, que tamén se pode pór cunha soa letra.Terminación. Terminación latina que indica plural nalgunhas verbas. **10-** Forma de goberno no que unha persoa impón a súa autoridade sen limitacións. **11-** Contracción galega. Poboación da Martinica. **12-** Consoante. Paro laboral reivindicativo. **13-** Ponlle unha orla. **14-**Ao revés, marcha dun sitio. **15-** Consoante.

CRUCIGRAMA II



Horizontais:
1- Con boas intencións, con boa actitude cara os demais. Certa comarca luguesa, se houbera máis dunha, serían as "Terras ... " **2-** Caer auga en forma de pedra. Lugar onde se imparte saber. **3-** Facer un nó, ou máis. Abreviatura de Santo. Que quere ir á última por se facer interesante. **4-** Importante declaración, e non é de amor precisamente. Nucleido de igual número pero distinta masa atómica ca outro, radiactivo en calquera caso. **5-** Segunda vértebra da rexión cervical, que permite o movemento da cabeza, coma un eixo, vaia. Imposto que grava calquera transacción, ou case. Voz de mando. **6-** Provincia euskalduna. Unión temporal de empresas. **7-** Ave palmípede, a quen o *Prestige* case fai desaparecer das nosas costas. Comparativo de igualdade. Certa raza que disque se tiña que impor no mundo. **8-** Real Academia, mais non a Galega. Dar un premio ou recompensa, con certa solemnidade. **9-** Símbolo do aluminio. Ácido ribonucleico. Prisioneiro. **10-** Composto químico derivado do ácido nítrico, usado nas nosas leiras. Ser mitolóxico grego con cen ollos, polo que vixiaba ben. **11-** Peso dun vehículo sen carga. Nome xermánico pouco común aquí, ainda que é o patrón dos avogados de Zaragoza. Siglas de Noticiario Documental, co que deron a vara durante décadas nos cines. **12-** Nome de varón abreviado, ao revés. Manar "a . .. .. " ou a gallarope, facelo de maneira tumultuosa. **13-** Invento que facilitou o tránsito rodado. Substancia albuminoide que existe nas células dalgunhas plantas.

Verticais:
1- Cociñar ben tostadiño. Asegurar algo con garantía de ser cumplido. **2-** Bebida en infusión. Natural dunha famosa cadea montañosa rusa. **3-** País do "Eixo do Mal" no imaxinario de Bush. Imposto sobre actividades de tipo económico. Abreviatura de Tradución, común en páxinas web. **4-** Peza de tea lixeira que se usa enriba do traxe para protexelo. Que lle pasou o arado por riba. **5-** Prefixo de orixe latina que expresa separación, orixe ou acción. Siglas de Axudante de Universidade. Conxunto de grans ou sementes dunha planta. **6-** Dúas veces. Estadea, Santa Compaña, procesión de almas en pena que percorre de noite os caminos. **7-** Prefixo latino que dá idea de longo, largo, amplo. Óxido de calcio. Con forma de ovo. 8- Desgastar, por efecto do vento e a auga ao longo do tempo. Expresión castiza (española) de admiración. **8-** Ovo dun peixe, por exemplo. Fileira, ringleira. Antiga matrícula dunha provincia galega. **9-** Tipo, estirpe, variedade. Ornamentar. **10-** Pobo que saqueou o Imperio de Oriente, a Galia e Italia, alá polos anos 400 e pico. **11-** Bóvido que se extinguiu hai poucos séculos. Chámanlle así ao ovo que non resultou fecundado. **12-** Método terapéutico , oposto á homeopatía. Nome do alcalde de Donosti. **13-** Recriarse nun sabor. "Ter . .. ", ser coñecido por algo, xeneralmente bon.

SOPA DE LETRAS

Atopar, en calquera sentido, nove nomes de cogomelos comestibeis.

SUDOKU

Encher os cadriños cos números do 1 ao 9, sen que se repitan nen en cada cadro, nen liña nen ringleira.

				2		7	5	
		8				4	9	
	6				4	8		2
				3	6		1	
9								5
	8		1	5				
4		2	5				6	
	5	6				1		
	1	3		7				

CANTO SABES DE?

Asocia estes dez monumentos ou paraxes naturais cos concellos en que se sitúan.

1-Dolmen Dombate
2-A Curota
3-Devesa da Rogueira
4-Dunas Corrubedo
5-Pico Sagro
6-O Pindo
7-Castro Santa Tegra
8-Castro de Baroña
9-As médulas
10-Fervenzas do Toxa

A-A Pobra
B-Porto do Son
C-Carnota
D-Folgoso
E-Cacabelos
F-Ribeira
G-Cabana
H-A Guarda
I-Silleda
K-Boqueixón

Escribe aquí a túa resposta:

1-	6-
2-	7-
3-	8-
4-	9-
5-	10-

SOLUCIÓNS

Canto sabes de...?:
1-G, 2-A, 3-D, 4-F, 5-K, 6-C, 7-H, 8-B, 9-E, 10-I.

SOPA DE LETRAS



CRUCIGRAMA I



SUDOKU



CRUCIGRAMA II

PROMOCIÓNS CULTURAIS GALEGAS S.A. **Presidente:** Miguel Barros Puente. **Director:** Manuel Veiga Taboada
Redacción VIGO: Príncipe 24, 1º- 36202. Teléfono 986 222 405. Fax 986 223 101. info@anosaterra.com
Redacción SANTIAGO: Preguntoiro 9, 1º esqu.- 15704. Teléfono 981569 229. diariodixital@anosaterra.com
Administración, subscricións, publicidade e Editorial: Príncipe 22, baixo, 36202 VIGO. Teléfono 986 433 830
Diario dixital: www.anosaterra.com

8 400021 303104 01291

1.291

anosaterra

María Xosé Queizán

O MELLOR REGALO DE NADAL

Unha boa nova: a Panificadora, exemplar obra de arquitectura industrial, sálvase da especulación e da piqueta á que parecía estar condenada. Cada cidade ten o se carácter e os seus monumentos. Vigo ten como honra vangardista as fábricas que a fixeron medrar. Os emporios da siderurxia alemá son hoxe patrimonio da humanidade, con auditorios onde se celebran importantes eventos musicais, teatrais... En São Paulo antigas fábricas serven hoxe como centros multiculturais. A Panificadora debería converterse nun centro onde se aliasen as artes e a ciencia para proxectarse na industria, de onde xurdiran ideas creativas e de deseño renovador para a fabricación. Unha nova Bauhaus para a Galiza moderna que imos lograr.●

Coñecido na faceta de cantautor punk e showman multimedia (vestido de folclórica dá vida no escenario ao proxecto Leo i Arremecghona), O Leo (Matamá, 1974) estréase como poeta en Hai cu (Xerais), unha proposta que, nacida do entorno blogueiro, condensa a filosofía das pintadas dos váteres coa esencia do xénero xaponés.

O Leo

'A poesía popular consérvase nos váteres públicos'

M. Barros

Mentres hai cu hai esperanza?

Por suposto, unha das cousas que definen o ser humano é o feito igualitario de ter cu. Mentres exista todo pode cambiar.

Pero que esperanza pode vir do cu?

Ter cu significa que *aínda* estás vivo.

Que é para vostede o cu?

Unha escusa para falar de temas que normalmente non se abordan. Da mesma maneira que noutros séculos evitábanse determinadas temática na poesía, paréceme que aínda existe un tabú coa escatoloxía.

Será un gran coñecedor dos hai ku.

Gústanme Basho e estou desexando ler os textos de Kerouac, que polo visto tiña o vicio de escribir hai ku. Parécenme unha forma literaria moi moderna, que responde ben ao ritmo de recepción do lector actual. O hai ku baséase na concentración. A xente necesita píldoras, unha administración de poesía concentrada que se lea rápido e que se poida remoer durante tempo.

O consumo coprofáxico dos seus poemas pode chegar a ser unha parafilia literaria?

Supoño que si (Risas). Co título, *Hai*cu, pretendía facer un xogo de palabras. Malia todo, o libro non xira todo ao redor do escatolóxico. Admiro a Duchamp. Ten unha forza icónica definitiva na arte contemporánea. Interésame o concepto de coller o que se oculta para poñelo nun museo. Para os meus hai kus o proceso é o mesmo, tomo frases que van polo aire e colócoas nun libro.

No fondo, vostede é un ghicho de Matamá, que reivindica a lingua da súa avoa.

Por desgraza, a colonización cultural e política á que estamos sometidos ditou que aos cinco anos no colexio truncasen o meu xeito de falar. Como moitos outros nenos cando volvín da escola cheguei falando castelán. Tardei dez anos en falar algo parecido ao que se falaba na miña casa e outros dez en conseguir o ghallegho da miña avoa. A escola neste país, a pesar da lei de normalización lingüística, é unha entidade profundamente desgaleguizadora.

Recolle ademais mensaxes que se deixan nos váteres. Aínda hai xente que pinta neses "prezados tronos"?

A poesía popular, que aínda se conserva en lugares como o Alentejo, perdeuse. Aquí resiste nos váteres. Os hai kus que fago están inspirados nas composicións clásicas e nas micropoesías dos baños.

Que erótica pode toparse nos baños públicos?

Interésame máis reflexionar por qué a xente escribe nos baños. Penso que son os últimos redutos privados que nos quedan.

OTTO/AGN

Tamén di que os blogs son coma os cus, cada quen ten un. Vostede incluso o emprega de maneira literaria.

Gústame do blog o concepto diario, de inmediatez e de obra aberta.

Non ten medo a que o etiqueten como poeta de merda?

É unha etiqueta que reivindico con orgullo. Non teño maior interese en que me tomen en serio.●

MALA E CABRONA

Laura Caveiro

Vigo, 2019. Unha liña de autobús cobre o servizo dende a zona portuaria ata o aeroporto. Conduce unha muller. Nas catro primeiras paradas soben poucos viaxeiros. Un mozo vestido *fashion* sobe na quinta. Para pagar o billete chimpa as moedas dende arriba. Ao caeren dende o alto rebotan facendo ruído contra a cabina que rodea a condutora. Ela dille que non son modos e o mozo ignóraa. Tras a seguinte parada, o autobús reinicia a marcha. Unha señora non chega a tempo e corre tras del acenando para que pare. A condutora, que saíra xa do carril, parece dubidar. Un home, o único do autobús ademais do mozo, non ten dúbidas. Berra forte dende o fondo, mira que non pararlle, había de che romper o cristal cunha pedra, mírame si mírame que me dá igual que me mires. O *fashionista* anímase dende o seu asento e grita tamén, mala. As mulleres que ían no autobús, tres ou catro, todas en silencio. Na seguinte parada, no corazón da cidade, unha chea de xente cargada con bolsas disponse a subir. O mozo dera ao botón de parada tras formar equipo co conxénere, e cando xa está situado na plataforma de saída, diante das portas abertas, antes de dar o chimpo que o deixa na beirarrúa, volve gritar, cabrona. Moi alto no medio do silencio. Plántase na rúa desafiante, anda cara á cabeceira do autobús e ergue o seu negro dedo índice co negro puño pechado ollando cara á condutora. Despois camiña rápido e comeza falar polo móbil.●

Novidades Edicións A NOSA TERRA

As escolas de fundación en Galiza.
Unha necesidade social de alfabetización

Luís Obelleiro Piñón

A privatización da empresa pública española.
Repercusións na economía galega

Mª del Carmen Sánchez Carreira